

Subvenciones/Transferencias concedidas en 2025 por el Parlamento de Galicia

Nº	ENTIDAD	AÑO 2025	
		CONCEDIDO	TOTAL JUSTIFICADO
Subvenciones a entidades de carácter social		8.000,00	8.000,00
1	SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI	8.000,00	8.000,00
Subvenciones a otras Entidades		89.926,79	51.697,79
2	ASOCIACIÓN DE EXPARLAMENTIOS/AS DEL PARLAMENTO DE GALICIA (Convenio 07/10/2024)	26.500,00	14.771,00
3	ASOCIACIÓN DE EXPARLAMENTIOS/AS DEL PARLAMENTO DE GALICIA (Convenio 01/10/2025)	26.500,00	0,00
4	MUSEO DO POBO GALEGO (Convenio 18/07/1995)	14.926,79	14.926,79
5	FUNDACIÓN PANTEÓN DE GALLEGAS Y GALLEGOS ILUSTRES	22.000,00	22.000,00
Becas de formación práctica		70.936,64	70.936,64
6	ACEIRO CASAL, JUAN	11.353,33	11.353,33
7	CONDE FIGUEROA, REBECA	2.816,66	2.816,66
8	FELPETO RODRÍGUEZ, BEATRIZ	11.353,33	11.353,33
9	GARCÍA GONZÁLEZ, NOELIA	11.353,33	11.353,33
10	MUÑOZ VILARIÑO, ANA	11.353,33	11.353,33
11	OTERO OUBIÑA, NATALIA	11.353,33	11.353,33
12	VENTOSO CHAVES, CARLOS	11.353,33	11.353,33
TOTAL		168.863,43	130.634,43

NOTA: Esta relación no incluye las subvenciones concedidas a los grupos parlamentarios que están publicadas en el portal de transparencia del Parlamento de Galicia en un apartado específico.

(*) En plazo de pago y justificación

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

O 27 de xuño de 2025, recibíuse unha solicitude de axuda económica da persoa que representa legalmente á entidade **SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI**, con CIF G-15924558 (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E6742), á sazón D.^a María Isla Avión, para acadar cofinanciamento para o programa “**VACACIÓNS EN PAZ 2025**” que se levará a cabo nos meses de xullo e agosto.

A entidade completa a documentación con:

- Estatutos e CIF da entidade así como NIF do representante
- memoria explicativa da actividade concreta e orzamento total que supón.
- Declaración da obtención para esta actividade concreta doutras achegas
- Declaración de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da Lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Constan asemade os certificados vixentes de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e Facenda autonómica) e coa Seguridade Social

Expediuse certificado de crédito dispoñible pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111B.481.02 “Subvencións a entidades de carácter social”

Consta memoria xustificativa da actividade emitida polo Xefe de Persoal e Réxime interior o 30 de xuño de 2025, na que verifícase a confluencia de razóns de interese social na concesión desta subvención con carácter excepcional ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións, isto é, sen concorrencia. Asemade, a memoria estipula os condicionantes da concesión de conformidade coa normativa aplicable.

Constan no expediente informe de legalidade e informe de fiscalización pola Intervención emitidos o día 30 de xuño de 2025.

Polo exposto, RESOLVO:

1.- Conceder a subvención para o obxecto citado que financiará unha porcentaxe de ata o 80% dos gastos do programa relativo ao verán 2025, cun máximo de 8.000,00 € de subvención, nos termos da memoria xustificativa emitida que se reflicte deseguido:

<< PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia, órgano constitucional ao tenor do artigo 152.1 da Constitución, e Institución básica de Galicia, poder público do sistema político galego, tal e como se desprende dos artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía, ten autonomía para levar a cabo actuacións que lle posibiliten o desenvolvemento eficaz e eficiente das funcións que estatutariamente lle corresponden, polo que, comprometido, como está, co fomento de proxectos, programas e actuacións que removan obstáculos que impidan ou dificulten a plena integración de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social, especialmente dos colectivos máis vulnerables.

Asemade, tamén estima de interese a súa aportación a programas de cooperación internacional como é o caso, por razóns sociais tendo en conta os fins da entidade, a procura dos lazos entre o pobo galego e saharai, e incluso razóns humanitarias, aínda que neste caso ao desenvolverse o programa en territorio nacional considerase máis propiamente social.



Para tal fin, cómpre formular o que se considera cooperación internacional:

O Comité de Axuda ao Desenvolvemento (CAD), con sede en París, é o organismo ou departamento da OCDE encargado de definir o que é ou non é cooperación internacional para o desenvolvemento.

O CAD determina que países ou territorios poden ser considerados como destinatarios da axuda ao desenvolvemento, por empregar outra expresión habitual; pero tamén determina os sectores que poden ser considerados como axuda ao desenvolvemento (por exemplo, exclúese a cooperación militar para compra de avións, por exemplo, pero si se inclúe as actividades de retirada de minas tras un conflito).

Entre os sectores incluídos están a sensibilización e educación para o desenvolvemento, o comercio xusto, a axuda de emerxencia, a axuda humanitaria, os proxectos a medio e longo prazo, etc.

O propio, pola terminoloxía empregada é colaborar no país de orixe necesitado. Actuacións que principalmente lévanse a cabo a través das administracións territoriais por ser no exterior.

Non obstante, as axudas a ONG ou as actividades de campañas de sensibilización no país doante son claramente actividades de cooperación internacional para o desenvolvemento realizadas fora do país.

Ademais, a poboación saharauí que vive nos campamentos de Tindouf en Alxeria teñen o status legal de refuxiados, recoñecido e concedido pola ONU. E a axuda aos refuxiados no país doante esta incluída, co número 72020 na lista de sectores que son considerados como axuda ao desenvolvemento ou cooperación internacional para o desenvolvemento.

Polo exposto, conflúen razóns de interese social na concesión dunha subvención a esta entidade constituída no ano 2004, que dende 1991 funcionaba co nome Amigos do Pobo Saharaui e mais tarde como Asociación Gallega de Ayuda al Sahara.

Partindo do fins xerais da entidade detallados no artigo 5 dos seus estatutos como son, entre outros, o de promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre o Pobo galego e o Pobo saharauí, facilitar o coñecemento pola cidadanía galega das formas de vida, as costumes e as tradicións que caracterizan á rica cultura dese pobo, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural social, económico e político entre o pobo saharauí e o galego, propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharauí.

Dentro desas actuacións, dirixidas a mellorar as condicións de vida tanto dos refuxiados saharauís como da poboación residente no Sáhara Occidental, o obxectivo é dar resposta as necesidades de planificación e avance na xestión e execución da axuda humanitaria dirixida aos refuxiados saharauís, que se lle da en Galicia por petición e en coordinación coa Delegación Saharaui para Galicia.

Un dos programas mais coñecidos da entidade é o de Vacacións en Paz que trae nenos dos campamentos de Tindouf á Galicia nos meses de xullo e agosto, a modo de acollemento temporal en familias galegas e así proporcionarlles unha estadía agradable, facilitándolles asistencia médica e alimentación, e acadar un estreitamento dos lazos e unha boa convivencia que enriqueza a ambas partes.

Polo exposto, e ao abeiro do artigo 29 e 30.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Parlamento de Galicia, conflúen razóns de interese humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención.

SEGUNDO: a subvención ten carácter excepcional, podendo outorgarse sen concorrencia ao abeiro do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, polos seguintes motivos:

Interese humanitario e social: O programa responde a unha necesidade de protección e mellora das condicións de vida da infancia saharauí, contribuíndo ao seu benestar físico e psicolóxico. A acollida



temporal permite a estes nenos e nenas acceder a unha alimentación equilibrada, atención sanitaria, actividades educativas e un entorno afectivo estable durante o verán.

Dificultade para a convocatoria pública: A natureza específica do programa, que require unha coordinación estreita coas autoridades saharauís, as familias de acollida e as asociacións especializadas, dificulta a aplicación dun procedemento de concurrencia competitiva. A colaboración coa asociación “Solidariedade Galega co Pobo Saharaí” (SOGAPS) garante a experiencia, o coñecemento e a rede de contactos necesarios para o éxito da iniciativa.

Continuidade e consolidación da acción solidaria: Aínda que o programa se desenvolveu en anos anteriores, a situación dos campamentos de refuxiados saharauís segue sendo crítica e require unha resposta continuada e excepcional das administracións públicas. A subvención permite consolidar unha rede estable de apoio e solidariedade entre Galicia e o pobo saharauí, reforzando os lazos de cooperación e entendemento entre ambos pobos.

TERCEIRO: a subvención solicitada ao Parlamento de Galicia ten por obxecto financiar parte dos gastos da actividade desenvolta pola entidade neste ano 2025 en relación co Programa Vacacións en Paz.

Son gastos financiáveis os gastos correntes e de servizos. Non son subvencionables os gastos de capital, multas nin impostos de non ser que non sexan deducibles ou compensables.

Concretamente, fíxanse como **gastos a imputar a esta subvención unicamente os billetes de ida e volta, en avión, dos menores e monitores que os acompañan.**

CUARTO: De conformidade co determinado pola Presidencia, ao abeiro do Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, o importe da subvención financiará unha porcentaxe de ata o 80 % dos gastos indicados do proxecto presentado, cun máximo de 8.000, 00 € de subvención, sen prexuízo de que a entidade deberá xustificar o gasto executado no 100% (isto é, cando menos, 10.000,00€).

De resultar, finalmente, inferior o custe dos gastos financiados da actividade, a subvención a abonar reducirase de xeito que non supere o porcentaxe indicado sobre o total.

QUINTO: A subvención é compatible con outras axudas aínda que en ningún caso a suma destas poderá ser superior a contía illadamente ou en concurrencia do custo dos gastos subvencionados. De feito comunican a concesión de varias achegas que de ser compatibles pola súa banda cubrirían ese 20%, e aínda así teñen un déficit de 36.542,06€ para os traslados. A entidade deberá dar conta destas circunstancias ao Parlamento de Galicia.

SEXTO: A subvención solicítase con carácter prepagable e sen garantías no formulario que se achega.

Aínda que no apartado 30.3 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Parlamento de Galicia indícase que: <<3. ... caso de precisar anticipo este poderá ser solicitado pola entidade por importe de ata un 80% do importe da subvención, e deberá prestar garantía, sen prexuízo das exencións que se determinen.>>, cabe a concesión sen prestar garantía por darse os requisitos de cooperación para o desenvolvemento previstos na Disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de aplicación supletoria.

A documentación xustificativa presentarse no rexistro de entrada do Parlamento de Galicia antes do 15/10/2025 e será nos termos seguintes:

- conta xustificativa asinada polo representante legal da entidade acompañada de fotocopia cotexada das facturas relativas aos billetes de avión dos menores, e monitores que os acompañana, así como a acreditación do abono daqueles mediante extracto da transferencia bancaria ou operación informática

- certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade do importe total das axudas finalmente percibidas que financiasen a actividade subvencionada. É dicir, debe indicarse a procedencia do 20% restante a asumir pola entidade, ben con fondos propios ben con outra achega.
- certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e coa Seguridade Social
- acreditación da publicidade do financiamento polo Parlamento de Galicia do programa (medios de difusión, web, fotografías...)
- Certificado da conta bancaria en que efectuar o pago da subvención
- Declaración de ter deducible ou non o ivo neses gastos.

Unha vez presentada en tempo e forma a conta xustificativa pola entidade e demais documentación a xuntar, tras o informe de fiscalización, aprobarase mediante Resolución da Presidencia, abonándose a subvención mediante transferencia á conta bancaria da entidade beneficiaria.

O incumprimento da obriga de xustificar os gastos subvencionados dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada.

SÉTIMO: A entidade beneficiaria está suxeita ás obrigas da Lei 38/2003 e demais normas concordantes, debendo dar información ou publicidade onde conste que están subvencionados polo Parlamento de Galicia, o que deberá ser obxecto de acreditación con fotografías ou outros medios.

OITAVO: O beneficiario da subvención concedida estará sometido ao réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.

NOVENO: A publicidade do outorgamento desta subvención polo Parlamento de Galicia artellarase a través do Portal de Transparencia, sen prexuízo da que poda realizarse a través de outros medios. >>

2.- Autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e ordenar o pagamento da subvención por importe de 8.000 euros con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.481.02 do estado de gastos do exercicio 2025 con carácter prepagable e sen exixencia de garantía. A xustificación do gasto realizarase de conformidade co apartado sexto da memoria.

3.- Notificarlle esta resolución aos interesados para o seu coñecemento e efectos, lembrándolle que deben presentar a xustificación correspondente, perante o departamento de Intervención e Asuntos Económicos, antes do 15 de outubro de 2025.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

O presidente do Parlamento de Galicia.

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Asunto: Aprobación conta xustificativa da subvención concedida a **SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI** programa VACACIÓNS EN PAZ 2025

Por Resolución da Presidencia do 30/06/2025, concedeuse unha subvención por un máximo de 10.000,00 euros á **SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI** (inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais co nº E6742), á sazón D.^a María Isla Avión, para acadar cofinanciamento do programa mencionao ut supra. Os gastos subvencionables serían os billetes de avión entre Tindouf e Galicia.

A subvención financia ata o 80% da actuación, concedéndose sen garantía, téndoselle ingresado a 01/07/2025 a cantidade de 8.000,00 euros.

Consta a recepción da documentación xustificativa dos gastos efectuados e pagados en tempo e forma, de conformidade coas condicións sinaladas na Resolución e notificadas á entidade preceptora. Concretamente aportaron:

- Factura 40/25/035, pola compra billetes de avión cun importe de 50.000,00€ que figura emitida o 09/09/2025 e por AIR ALGERIE, co selo de pagado.
- Xustificante do gasto pola compra de billetes de avión cun importe de 50.000,00€ a empresa AIR ALGERIE que figura emitida o 09/09/2025 e aboada o 04/09/2025 asinada pola representate de SOGAPS.
- Certificación acreditativa asinada polo representante legal da entidade de gastos da actividade financiada polo PG, que se limita aos billetes de avión dos nenos por importe de 50.000,00€ dos que a asociación aportará 32,06€ e declara o importe doutras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, para o financiamento da factura obxecto da xustificación do convenio. A relación das mesmas é a seguinte:

ENTIDADE	IMPORTE
Parlamento de Galicia	8.000,00 €
Concello de A Coruña	10.000,00 €
Deputación de A Coruña	15.397,94 €
Deputación de Pontevedra	15.000,00 €
Concello de Barreiros	890,00 €
Concello de Tomiño	680,00 €
Total axudas	49.967,94 €

- Declaración de non deducir o IVE neses gastos.
- Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (AEAT e Consellería de Facenda) e coa Seguridade Social
- Publicidade na páxina web de SOGAPs da axuda do Parlamento de Galicia.
- orde bancaria do pagamento AIR ALGERIE por importe de 50.000,00€ e figura a conta á nome da entidade.

Fiscalizouse pola Interventora Xeral do Parlamento mediante informe do 27/10/2025.



Polo exposto, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Presidencia polo artigo 15.3º e 4º do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento e o estipulado no Regulamento de organización e funcionamento da Administración Parlamentaria así como na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, supletoriamente na Lei 38/2003, de 17 de Novembro, Lei Xeral de Subvencións e aos regulamentos que as desenvolven, RESOLVO:

1. Aprobar a conta xustificativa de gastos presentada por importe de 10.000,00€, acadando a subvención concedida ata o 80%, polo tanto, 8.000,00€. Ao terse aboado con carácter prepagable, o recoñecemento da obriga e aboamento da achega xa está efectuado.
2. Comunicar ao preceptor para o seu coñecemento e efectos e trasladar á Intervención Xeral e Asuntos económicos.

A Presidencia

Miguel Ángel
Santalices
Vieira,
Presidente

Firmado digitalmente
por Miguel Ángel
Santalices Vieira,
Presidente
Fecha: 2025.10.29
10:17:06 +01'00'

Miguel A. Santalices Vieira

Convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia para o desenvolvemento dos fins da entidade, especialmente do programa de charlas divulgativas sobre o Parlamento en centros educativos de toda a comunidade autónoma e outras actuacións (outubro 2024- setembro 2025)

R E U N I D O S

Don Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia.



Don Manuel López Outeiral, presidente da Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades outorgadas polo artigo 10 dos Estatutos da entidade.

Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e para tales efectos,

E X P O Ñ E N



Primeiro. O Estatuto de Autonomía de Galicia outorga ao Parlamento de Galicia a condición da primeira institución da Comunidade Autónoma.

Como cerne do sistema democrático galego, o Parlamento está levando a cabo dende hai uns anos- diferentes actuacións encamiñadas á difusión e publicidade da labor que realiza, co obxectivo de que o conxunto da cidadanía coñeza e participe na actividade parlamentaria. Entre esas actuacións podemos destacar a de "Portas Abertas", asinamento de protocolos de colaboracións con diferentes institucións que promoven e defenden a cultura galega, o éxito do convenio "coñece as túas institucións" que permite aos escolares galegos acceder á sede cunha charla explicativa, o desenvolvemento periódico do "Parlamento Xoven", a posta en marcha de exposicións vinculadas á historia da Institución, edición de libros así como outras medidas adoptadas cara a garantir a participación de todos na vida política, social e cultural galega, tal e como encomenda o artigo 9.2. da Constitución Española.

Para dar cumprimento a este compromiso quere seguir contribuíndo a facilitar o seu coñecemento, promoción, arraigo e consolidación, dispoñendo, para tal fin, e na medida das súas posibilidades, dos medios que sexan necesarios e eficaces para conseguilo.



Algunhas desas iniciativas desenvólvense na sede da Institución pero tamén fóra dela, co gallo de achegarse a cidadanía. Un exemplo o é, dende o 2011, os ciclos de charlas-coloquio co alumnado de educación secundaria, bacharelato, formación profesional e dos centros universitarios e vinculados as universidades, de Galicia coa participación activa da Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia amosando unha boa acollida dos estudantes desde a súa primeira edición e xerando unha demanda ascendente.

Asemade, aqueles que foron membros da cámara lexislativa tamén atesouran unha abano de experiencias, algunhas dos primeiros chanzos da democracia galega, que forma parte dunha historia inesquecible da institución, e polo tanto, de todos os galegos.



Segundo. A Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia é unha asociación sen ánimo de lucro, que ten entre os seus fins fundacionais o mantemento de relacións de colaboración cos deputados da lexislatura correspondente e coa Mesa do Parlamento, a promoción e realización de estudos, conferencias, encontros e calquera outra actividade encamiñadas ao fortalecemento do sistema democrático, colaborar coas institucións da Comunidade Autónoma de Galicia na difusión e defensa do Estatuto de Autonomía, ou o desenvolvemento de accións de interese común dos ex-parlamentarios, organizar actos culturais relacionados co obxecto social, entre outras que figuran nos seus estatutos, aprobados o 21 de xaneiro de 2010, e inscrita o 31 de maio de 2010 no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2010/014278-1 (SC).



Esta Asociación mantén unha actividade que continúa dende a súa constitución. Por unha parte, as reunións que permiten a organización da entidade e desenvolvemento dos seus fins de orde interno na procura de manter os lazos entre os seus membros, e por outra, participando a través dos seus integrantes en diversos actos culturais, protocolarios, de lembranza, ou programas de difusión organizados por Administracións, Institucións ou outras entidades.

Os ciclos de charlas-coloquio co alumnado de centros educativos de Galicia quizais sexa a actuación mais coñecida da Asociación pola súa variedade e deslocalización. A Xunta directiva da entidade organiza, coa conformidade da Presidencia da Cámara, as anteditas charlas determinando o número e lugar segundo as peticións dos centros educativos, para ser impartidas por membros da Asociación, desde unha óptica plural na medida en que habitualmente participan representantes de formacións políticas diferentes.

O número de charlas impartidas pode acadar unhas 65 charlas por curso académico. Isto require que os membros da Xunta Directiva se reúnan a principios de cada curso para establecer o calendario inicial, e con periodicidade ao longo do curso, ante novas solicitudes, para a coordinación, seguimento e posterior xustificación.

Terceiro. Ao abeiro do estipulado no acordo da Mesa do Parlamento de Galicia de 1 de outubro de 2019 (DOG nº 194, do 11 de outubro) polo que se aprobou o Regulamento de concesión directa de subvencións á Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia que determina o obxecto, réxime xurídico, órganos competentes, procedemento e contías, preséntase este convenio.

Na memoria que consta no expediente, xustifícase o carácter excepcional e a concesión directa dunha subvención no interese social e cultural que ten o funcionamento da Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias desenvolvendo os seus fins, e especialmente, difundindo o quefacer do Parlamento e achegándoo aos estudantes dos distintos niveis educativos, a través das vivencias dos que foran membros da Cámara lexislativa galega en diferentes lexislaturas e desde as distintas vertentes políticas.

As actuacións desta asociación responden a uns obxectivos que pola súa especificidade implican unicamente ao Parlamento de Galicia, motivo polo que se entende que sexa o Parlamento de Galicia o ente financiador por antonomasia.

A tenor da excelente acollida das actividades desenvolvidas nos dous últimos cursos no marco dos respectivos convenios de colaboración asinados entre as partes, e tendo mutuo interese na difusión deste ciclo de conferencias e por extensión o funcionamento da Asociación, as partes acordan reeditar esta colaboración e asinar este Convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS


Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ter por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia, para o desenvolvemento dos seus fins estatutarios, mais especialmente do programa de charlas divulgativas sobre a Cámara lexislativa galega en centros educativos de toda a comunidade autónoma.

Segunda. Declaracións e Obrigas das partes

A) A Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia declara:

- 1º. Que non esta incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- 2º. Que non solicitou nin obtivo outras axudas ou ingresos para a mesma actuación obxecto do convenio.
- 3º. Que se atopa ao día das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 4º. Que cumprirá cos termos do convenio xustificando o importe da achega no prazo e coa documentación seguinte que remitirá ao Parlamento de Galicia:

- 
- Memoria xustificativa, explicativa das actuacións finalmente realizadas e, de ser o caso, dos resultados obtidos.
 - Relación clasificada dos gastos executados: con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago, xunto con copia das facturas e dos abonos vía transferencia á conta bancaria da súa titularidade.
 - O período subvencionado, coincidindo co curso académico, estendese ata o 30 de xuño, sen prexuízo de que poidan efectuarse pagos ata a data de achega de documentación indicada contra o final deste apartado.
 - Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou autorización ao Parlamento para obtelos e incluílos no expediente cada ano.
 - Certificación acreditativa do representante legal da entidade do importe das axudas solicitadas e/ou percibidas durante o período.
Esta axuda é incompatible con outras axudas.
 - Declaración asinada polo representante legal da entidade, de que esta non deduce nin compensa o IVA dos subministracións ou servizos que solicita.
 - Publicidade da achega do Parlamento (fotografías, dípticos, web...)
 - Certificado da conta bancaria a nome da entidade en que efectuar o pagamento.

O prazo para a achega de toda a documentación remata o 30 de setembro de 2024.

- 5º. Que de variar estas circunstancias durante a vixencia do convenio se compromete a comunicalas ao Parlamento sen dilación.
- 6º. Que se compromete a reingresar o importe non xustificado da achega que se houbera anticipado, de solicitala.

B) A Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias asume a obriga de xustificar os gastos realizados cargo ao convenio así como a organización das charlas-coloquios nos centros educativos, e o Parlamento de Galicia colaborará no financiamento do custo das actuacións da entidade, ao abeiro da normativa aplicable en materia de subvencións, nos termos da cláusula seguinte.

O Parlamento de Galicia non asumirá, por motivo deste Convenio, ningún tipo de relación mercantil ou contractual coas persoas que participen na organización e desenvolvemento das conferencias, nin dos seus participantes, moderadores ou relatores, que corresponderán enteiramente á Asociación. O mesmo cabe dicir respecto dos gastos contratados pola entidade.

Terceira . Financiamento

O Parlamento de Galicia financiará á Asociación cun orzamento máximo de 26.500,00€ durante o período deste convenio, cunha cobertura de ata o 100% dos gastos xustificados con cargo á aplicación orzamentaria 01.01.111B.481.05

relativa a "Outros convenios/achegas a institucións sen fin de lucro" do exercicio de xustificación.

A subvención poderá ser prepagable, de solicitalo, ata o 60% do orzamento máximo do convenio.

O desagregado dos gastos subvencionables abranguerá:

A) Dietas por charlas-coloquio nas que participen os membros da Asociación:

Co gallo de que podan afrontar os gastos de desprazamento (quilometraxe, peaxe, aparcamento), e de ser o caso, manutención, ao lugar da charla, aboaráselle pola entidade a cada membro unha dieta fixa de 100€/charla que será obxecto da retención impositiva que corresponda.

Xuntarase pola Presidencia ou representación da entidade unha relación de lugares, días e conferenciantes, e as transferencias de pagamento pola Asociación aos membros.

Destinase para afrontar ese custo un máximo de 19.500,00€ por curso académico.

B) Organización, xestión e funcionamento da Asociación:

B.1. Co gallo de que podan afrontar os gastos de desprazamento á sede social (quilometraxe e peaxe, billetes de transporte público) os membros da Xunta Directiva da Asociación recibirán da entidade unha importe de 51€/reunión que será obxecto da retención impositiva que corresponda.

Xuntaranse as actas das reunións onde figuren os asistentes, así como as transferencias de pagamento pola Asociación aos membros.

Destinase para afrontar ese custo un máximo de 4.000,00€.

B.2. Asemade cabe imputar por un máximo de 3.000,00€:

- gastos de xestión que permitan á entidade xestionar os pagamentos aos membros, pagamento de tributos, e demais tarefas que lle encargue a Asociación cos fins recollidos neste convenio. A Asociación presentará a factura xustificativa do custe.
- con carácter puntual, gastos protocolarios (agasallo institucional, lembranza por falecemento,...). A Asociación presentará a relación destes gastos, coa indicación do membro que acude ao evento e facturas xustificativas.

A entidade comprométese coa sinatura deste convenio a acreditar os gastos realizados e presentar en tempo e forma a documentación xustificativa da súa realización e pagamento, que será obxecto de control financeiro e sometemento a aprobación, previo fiscalización da Intervención, mediante Resolución da Presidencia.

O incumprimento da obriga de xustificar o gasto total ou parcial subvencionado dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada proporcionalmente. De non xustificarse axeitadamente seguirase o procedemento establecido no artigo 42 da lei xeral de subvencións.

Cuarta. Duración

Este Convenio estará vixente durante un curso académico, desde a súa formalización ata o remate do curso académico 2024-2025; sen prexuízo de que a xustificación pola Asociación deberá realizarse antes do 30 de setembro, e a fiscalización e pago que proceda antes do 31 de decembro do segundo ano.

O convenio extinguirase polo cumprimento do seu obxecto ou por incorrer en algunhas das causas de resolución da cláusula oitava.

Quinta. Difusión da colaboración das partes

Nas actividades informativas e divulgativas das conferencias obxecto deste convenio farase constar a colaboración das partes e utilizaranse a identidade corporativa do Parlamento de Galicia xunto coa da Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias.

A sinatura deste Convenio supón o consentimento expreso de ámbalas partes para facer públicos a través dos diarios oficiais que procedan e da web, os datos referidos ao seu contido de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

Sexta. Protección de datos de carácter persoal

En aplicación deste protocolo respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 Xeral de Protección de Datos e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, resultando de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados desta normativa.

Sétima. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste Convenio, crearase unha comisión de seguimento composta por un representante de cada unha das partes asinantes, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución. A comisión poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola Comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- A interpretación do convenio.
- A proposta de addendas ou modificacións.
- Elaborar o informe previo á resolución por incumprimento.
- Facultades de supervisión da execución e adopción das decisións e ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das actividades acordadas.
- Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste Convenio.

Oitava. Modificación

As partes ou a comisión de seguimento poderán instar a modificación deste Convenio en calquera momento. Mediante addenda achegarase as modificacións sobre o seu contido acordado pola partes.

As propostas de modificación deberán ser comunicadas por escrito cunha antelación dun mes.

Novena. Resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O transcurso do seu prazo de vixencia.
- O mutuo acordo entre as partes.
- A denuncia de calquera das partes, formulada cun mes de antelación e por causas xustificables.
- O incumprimento total ou parcial das cláusulas contidas neste convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Décima. Réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; e as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

Asemade rexerase pola normativa aplicable en materia de subvencións.

En proba de conformidade asínase este convenio por triplicado, en Santiago de Compostela o 7 de outubro de 2024.



PARLAMENTO DE GALICIA
PRESIDENCIA

Miguel Ángel Santalices Vieira,
presidente do Parlamento de Galicia



Manuel López Outeiral,
presidente da Asociación de
Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do
Parlamento de Galicia

RESOLUCION DA PRESIDENCIA

Conta xustificativa relativa á subvención en réxime de concesión directa vía convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias para o desenvolvemento dos fins da entidade, especialmente do programa de charlas divulgativas sobre o Parlamento en centros educativos de toda a comunidade autónoma e outras actuacións (outubro 2024- setembro 2025)

ANTECEDENTES

1º) O día 07/10/2024 asinouse un convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a mentada asociación para o desenvolvemento dos fins da entidade, especialmente do programa de charlas divulgativas sobre o Parlamento en centros educativos de toda a comunidade autónoma e outras actuacións (outubro 2023- setembro 2024), do que resulta que se concede unha achega á entidade por un importe máximo de 26.500€, distribuídos ata un máximo de 19.500€ para a impartición das charlas, e 7.000€ para outros cometidos relativos ao funcionamento da entidade (asistencia ás sesións da Xunta Directiva ata 4.000,00€ e para gastos de xestoría e gastos protocolarios puntuais ata 3.000,00€). A extensión temporal é de outubro de 2024 a 30/06/2025, coa obriga de presentar a documentación xustificativa ata o 30/09/2025. A subvención é incompatible, e financia ata o 100% do gasto xustificado que corresponda co fin do convenio, con posibilidade de anticipo.

No expediente de tramitación do convenio consta memoria xustificativa e informe favorable dos servizos xurídicos. Asemade expediuse o certificado de crédito dispoñible pola Intervención na partida orzamentaria do estado de gastos 01.01.111B.481.05 “Outros convenios/achegas con institucións sen fins de lucro”.

En sesión do 23/09/2024 aprobouse o convenio por acordo da Mesa do Parlamento, órgano con competente ao abeiro do estipulado no Regulamento de Organización e funcionamento do PG.

2º) O 14/05/2025 a entidade solicita anticipo do 60% da achega, o que é concedido por Resolución da Presidencia do 14/05/2025, sendo aboado á entidade neses días o importe de 15.900,00€.

3º) A entidade presenta o 29/09/2025 (RXE nº 34930) a documentación xustificativa en sede electrónica asinada dixitalmente por Patricia Gayoso (Xestoría Trámite) habilitado ao efecto polo Presidente da Entidade, consistente en:

Apartado A) do Convenio: Dietas por charlas-coloquio: máximo 19.500€

- Relatorio das charlas-coloquio: explicación do seu desenvolvemento, divulgación, imaxes e calendario con día, hora e lugar do centro educativo e ex membros da cámara que acudiron como ponentes así como número de alumnos asistentes. Resultan un total de 42 charlas impartidas por 47 ex deputados que totalizan un total de 118 intervencións. Non consta asinado polo representante da entidade.
- Relación alfabética de ponentes co número de charlas total que impartiron no curso. Non consta asinado polo representante da entidade.
- Acreditación bancaria de pagamentos de 117 ponentes (hai unha renuncia) a razón de 100€ brutos/charla cunha retención en todos os casos do 15%, mais pendente de identificar un pagamento de 255€.
- Asemade figuran nalgúns dos pagamentos comisións bancarias.

Apartado B) do Convenio: Organización, xestión e funcionamento da Asociación:

B.1. Gastos desprazamento ás reunións da Xunta Directiva: máximo 4.000,00€.

- xúntanse a acta asinada da Comisión da Xunta Directiva do 20 de decembro de 2024 con 12 asistentes.

- xúntase a acta asinada da Comisión da Xunta Directiva do 27 de xuño de 2025 con 10 asistentes.

Achégase acreditación bancaria de 18 pagamentos que se corresponden cos asistentes. Constan outros 3 pagamentos mais non figuran na acta, e non se acredita o pagamento a 4 asistentes. Alén diso o pagamento a unha asistente na primeira reunión excede do importe de 51€ subvencionado.

Este apartado acada un total de 918€, agás emenda.

B.2. Gastos de xestión e outros puntuais:

-apórtase a factura expedida o 31/08/2024 pola xestión Trámite por importe de 2.000,00€ de setembro 2024 a setembro de 2025 e a acreditación da transferencia bancaria.

Asemade xúntase:

- certificación acreditativa asinada a 10/09/2025 polo actual representante legal da entidade (Manuel López Outeiral segundo a acta asinada dixitalmente da sesión do 27/09/2024) de non ter recibido axudas que financiasen a actividade subvencionada polo convenio co Parlamento.
- Declaración de non deducir o ivereses gastos asinada polo representante legal da entidade a 10/09/2025.
- Acreditación da publicidade e divulgación das charlas como actividade conxunta entre o Parlamento e a asociación. Apórtanse publicacións do Parlamento e noticias de prensa sobre algunhas delas.
- Autorización asinada a 10/09/2025 polo representante legal da entidade para que o Parlamento descargue os certificados de estar ao corrente a entidade coas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Con data 08/10/2025 a administración parlamentario solicitou os certificados expedidos pola AEAT, ATRIGA e TXSS, resultando os das facendas positivos e sen datos o da TXSS.

Por último, o presidente da Asociación outorga poder de representación a Patricia Gayoso Prado (xestión “Trámite”) para remitir de xeito telemático ao Parlamento de Galicia a xustificación da achega recibida.

4º) O 14/10/2025 (RXS nº 9942) remíteselle un requirimento de emenda, asinado por esta intervención, a presentar no prazo de dez días hábiles dende a súa recepción, nos seguintes termos:

- Cómpre identifiquen o preceptor de 255€ transferidos o 10/06/2025.
- Existen discordancias entre os asistentes á reunión do 27/06/2025 e os pagamentos efectuados. O que se lles comunica por si tiveran realizado en tempo e forma as transferencias aos outros 4 asistentes, para computar na subvención, ou ben por si houberse algún erro na indicación dos asistentes.
- Deben presentar a relación de gastos asinada polo Presidente da entidade desagregando, cando menos:
 - o importe bruto do pagamento das charlas,
 - o importe bruto do pagamento polas reunións da Xunta Directiva,
 - e noutros gastos o importe da factura achegada.

Coa documentación achegada a 29/09/2025, o importe xustificado acadaría un total de 14.363,00€ (11.445,00€ das ponencias – sen identificar o beneficiario dos 255€ -, 918,00€ o devengado polas reunións da asociación, e 2.000€ por outros gastos).

Porén, de clarexar e completar os extremos indicados, o importe xustificado acadaría os 14.822 € (11.700,00€ charlas + 1.122€ reunións da asociación + 2.000€ outros gastos).

5ª) O 27/10/2025 (RXE nº 37661) recíbese a emenda da conta xustificativa pola entidade consistente:

- a acreditación do preceptor dos 255€ que se corresponde cun ponente pendente
- remiten a acta de xuño de 2025 corrixida nos asistentes concordando así os 9 asistentes cos pagamentos efectuados.
- Relación de gastos asinada polo Presidente desagregando os importes por charlas, por reunións xunta directiva e por outros gastos.

Emitido informe favorable pola Intervención do PG o 27/10/2025 nos seguintes termos que resultan:

- constátase o cumprimento do obxecto indicado na solicitude e concesión da subvención, concedida con anterioridade ao comezo da actividade.
- A conta xustificativa de gastos presentada totaliza o importe das charlas en 11.700,00€, o importe polas asistencia a Xunta Directiva por 1.071,00, e o importe doutros gastos por 2.000,00€. Sumando un total de 14.771,00€.

Excluíronse: comisións bancarias e o exceso dun pagamento a reunión xunta directiva (fíxose por 100€ en lugar de 51€) e un pagamento a persoa que non figura nos asistentes.

- Téndose concedido un anticipo por importe de 15.900,00€ daranse por xustificadas gastos por importe de 14.771,00€ na Resolución de Presidencia que aprobe a conta xustificativa, e inicio do procedemento de reintegro polo importe de 1.129,00€.

O expediente de reintegro regulase no Título II da lei 38/2003 de subvencións.

Polo exposto, esta Presidencia **RESOLVE**:

- 1.- Aprobar a conta xustificativa presentada pola Asociación mentada por importe de 14.771,00€.
- 2.- Iniciar o expediente de reintegro por importe de 1.129€, diferenza entre o xustificado e o anticipo, e que debe ser ingresado na conta de titularidade do Parlamento no prazo de 10 días.
- 3.- Comunicar á entidade a presente Resolución e ao unidade de Intervención e asuntos económicos.

A Presidencia


Miguel Ángel
Santalices
Vieira,
Presidente

Firmado digitalmente por: Miguel
Ángel Santalices Vieira, Presidente
DN: CN = Miguel Ángel Santalices
Vieira, Presidente email =
miguel.angel.santalices.vieira@parl
amentodegalicia.es
Fecha: 2025.10.30 14:20:53
+01'00'

Miguel A. Santalices Vieira

Convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia para o desenvolvemento dos fins da entidade, especialmente do programa de charlas divulgativas sobre o Parlamento en centros educativos de toda a comunidade autónoma e outras actuacións (outubro 2025- setembro 2026)

R E U N I D O S




Don Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia.

Don Manuel López Outeiral, presidente da Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades outorgadas polo artigo 10 dos Estatutos da entidade.

Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e para tales efectos,

E X P O Ñ E N

Primeiro. O Estatuto de Autonomía de Galicia outorga ao Parlamento de Galicia a condición da primeira institución da Comunidade Autónoma.



Como cerne do sistema democrático galego, o Parlamento está levando a cabo dende hai uns anos- diferentes actuacións encamiñadas á difusión e publicidade da labor que realiza, co obxectivo de que o conxunto da cidadanía coñeza e participe na actividade parlamentaria. Entre esas actuacións podemos destacar a de "Portas Abertas", asinamento de protocolos de colaboracións con diferentes institucións que promoven e defenden a cultura galega, o éxito do convenio "coñece as túas institucións" que permite aos escolares galegos acceder á sede cunha charla explicativa, o desenvolvemento periódico do "Parlamento Xoven", a posta en marcha de exposicións vinculadas á historia da Institución, edición de libros así como outras medidas adoptadas cara a garantir a participación de todos na vida política, social e cultural galega, tal e como encomenda o artigo 9.2. da Constitución Española.

Para dar cumprimento a este compromiso quere seguir contribuíndo a facilitar o seu coñecemento, promoción, arraigo e consolidación, dispoñendo, para tal fin, e na medida das súas posibilidades, dos medios que sexan necesarios e eficaces para conseguilo.

Algunhas das iniciativas desenvólvense na sede da Institución pero tamén fóra dela, co gallo de achegarse a cidadanía. Un exemplo o é, dende o 2011, os ciclos de charlas-coloquio co alumnado de educación secundaria, bacharelato, formación profesional e dos centros universitarios e vinculados as universidades, de Galicia coa participación activa da Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia amosando unha boa acollida dos estudantes desde a súa primeira edición e xerando unha demanda ascendente.

Asemade, aqueles que foron membros da cámara lexislativa tamén atesouran unha abano de experiencias, algunhas dos primeiros chanzos da democracia galega, que forma parte dunha historia inesquecible da institución, e polo tanto, de todos os galegos.



Segundo. A Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia é unha asociación sen ánimo de lucro, que ten entre os seus fins fundacionais o mantemento de relacións de colaboración cos deputados da lexislatura correspondente e coa Mesa do Parlamento, a promoción e realización de estudos, conferencias, encontros e calquera outra actividade encamiñadas ao fortalecemento do sistema democrático, colaborar coas institucións da Comunidade Autónoma de Galicia na difusión e defensa do Estatuto de Autonomía, ou o desenvolvemento de accións de interese común dos ex-parlamentarios, organizar actos culturais relacionados co obxecto social, entre outras que figuran nos seus estatutos, aprobados o 21 de xaneiro de 2010, e inscrita o 31 de maio de 2010 no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2010/014278-1 (SC).

Esta Asociación mantén unha actividade que continúa dende a súa constitución. Por unha parte, as reunións que permiten a organización da entidade e desenvolvemento dos seus fins de orde interno na procura de manter os lazos entre os seus membros, e por outra, participando a través dos seus integrantes en diversos actos culturais, protocolarios, de lembranza, ou programas de difusión organizados por Administracións, Institucións ou outras entidades.

Os ciclos de charlas-coloquio co alumnado de centros educativos de Galicia quizais sexa a actuación mais coñecida da Asociación pola súa variedade e deslocalización. A Xunta directiva da entidade organiza, coa conformidade da Presidencia da Cámara, as anteditas charlas determinando o número e lugar segundo as peticións dos centros educativos, para ser impartidas por membros da Asociación, desde unha óptica plural na medida en que habitualmente participan representantes de formacións políticas diferentes.

O número de charlas impartidas pode acadar unhas 65 charlas por curso académico. Isto require que os membros da Xunta Directiva se reúnan a principios de cada curso para establecer o calendario inicial, e con periodicidade ao longo do curso, ante novas solicitudes, para a coordinación, seguimento e posterior xustificación.

Terceiro. Ao abeiro do estipulado no acordo da Mesa do Parlamento de Galicia de 1 de outubro de 2019 (DOG nº 194, do 11 de outubro) polo que se aprobou o Regulamento de concesión directa de subvencións á Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia que determina o obxecto, réxime xurídico, órganos competentes, procedemento e contías, preséntase este convenio.

Na memoria que consta no expediente, xustifícase o carácter excepcional e a concesión directa dunha subvención no interese social e cultural que ten o funcionamento da Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias desenvolvendo os seus fins, e especialmente, difundindo o quefacer do Parlamento e achegándoo aos estudantes dos distintos niveis educativos, a través das vivencias dos que foran membros da Cámara lexislativa galega en diferentes lexislaturas e desde as distintas vertentes políticas.

As actuacións desta asociación responden a uns obxectivos que pola súa especificidade implican unicamente ao Parlamento de Galicia, motivo polo que se entende que sexa o Parlamento de Galicia o ente financiador por antonomasia.

A tenor da excelente acollida das actividades desenvolvidas nos dous últimos cursos no marco dos respectivos convenios de colaboración asinados entre as partes, e tendo mutuo interese na difusión deste ciclo de conferencias e por extensión o funcionamento da Asociación, as partes acordan reeditar esta colaboración e asinar este Convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ter por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia, para o desenvolvemento dos seus fins estatutarios, mais especialmente do programa de charlas divulgativas sobre a Cámara lexislativa galega en centros educativos de toda a comunidade autónoma.

Segunda. Declaracións e Obrigas das partes


A) A Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia declara:

- 1º. Que non esta incurso en ningún dos supostos de prohibición do artigo 13 da lei 38/2003 nin do artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- 2º. Que non solicitou nin obtivo outras axudas ou ingresos para a mesma actuación obxecto do convenio.
- 3º. Que se atopa ao día das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 4º. Que cumprirá cos termos do convenio xustificando o importe da achega no prazo e coa documentación seguinte que remitirá ao Parlamento de Galicia:

- 
- Memoria xustificativa, explicativa das actuacións finalmente realizadas e, de ser o caso, dos resultados obtidos.
 - Relación clasificada dos gastos executados: con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago, xunto con copia das facturas e dos abonos vía transferencia á conta bancaria da súa titularidade.
 - O período subvencionado, coincidindo co curso académico, estendese ata o 30 de xuño, sen prexuízo de que poidan efectuarse pagos ata a data de achega de documentación indicada contra o final deste apartado.
 - Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou autorización ao Parlamento para obtelos e incluílos no expediente cada ano.
 - Certificación acreditativa do representante legal da entidade do importe das axudas solicitadas e/ou percibidas durante o período.
Esta axuda é incompatible con outras axudas.
 - Declaración asinada polo representante legal da entidade, de que esta non deduce nin compensa o IVA dos subministracións ou servizos que solicita.
 - Publicidade da achega do Parlamento (fotografías, dípticos, web...)
 - Certificado da conta bancaria a nome da entidade en que efectuar o pagamento.

O prazo para a achega de toda a documentación remata o 30 de setembro de 2026.

- 5º. Que de variar estas circunstancias durante a vixencia do convenio se compromete a comunicalas ao Parlamento sen dilación.
- 6º. Que se compromete a reingresar o importe non xustificado da achega que se houbera anticipado, de solicitala.

- 
- B) A Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias asume a obriga de xustificar os gastos realizados cargo ao convenio así como a organización das charlas-coloquios nos centros educativos, e o Parlamento de Galicia colaborará no financiamento do custo das actuacións da entidade, ao abeiro da normativa aplicable en materia de subvencións, nos termos da cláusula seguinte.

O Parlamento de Galicia non asumirá, por motivo deste Convenio, ningún tipo de relación mercantil ou contractual coas persoas que participen na organización e desenvolvemento das conferencias, nin dos seus participantes, moderadores ou relatores, que corresponderán enteiramente á Asociación. O mesmo cabe dicir respecto dos gastos contratados pola entidade.

Terceira . Financiamento

O Parlamento de Galicia financiará á Asociación cun orzamento máximo de 26.500,00€ durante o período deste convenio, cunha cobertura de ata o 100% dos

gastos xustificados con cargo á aplicación orzamentaria 01.01.111B.481.05 relativa a "Outros convenios/achegas a institucións sen fin de lucro" do exercicio de xustificación.

A subvención poderá ser prepagable, de solicitalo, ata o 60% do orzamento máximo do convenio.

O desagregado dos gastos subvencionables abranguerá:

- A) Dietas por charlas-coloquio nas que participen os membros da Asociación:
Co gallo de que podan afrontar os gastos de desprazamento (quilometraxe, peaxe, aparcamento), e de ser o caso, manutención, ao lugar da charla, aboaráselle pola entidade a cada membro unha dieta fixa de 100€/charla que será obxecto da retención impositiva que corresponda.
Xuntarase pola Presidencia ou representación da entidade unha relación de lugares, días e conferenciantes, e as transferencias de pagamento pola Asociación aos membros.
Destinase para afrontar ese custo un máximo de 19.500,00€ por curso académico.

- B) Organización, xestión e funcionamento da Asociación:
B.1. Co gallo de que podan afrontar os gastos de desprazamento á sede social (quilometraxe e peaxe, billetes de transporte público) os membros da Xunta Directiva da Asociación recibirán da entidade unha importe de 51€/reunión que será obxecto da retención impositiva que corresponda.
Xuntaranse as actas das reunións onde figuren os asistentes, así como as transferencias de pagamento pola Asociación aos membros.
Destinase para afrontar ese custo un máximo de 4.000,00€.
B.2. Asemade cabe imputar por un máximo de 3.000,00€:

- gastos de xestión que permitan á entidade xestionar os pagamentos aos membros, pagamento de tributos, e demais tarefas que lle encargue a Asociación cos fins recollidos neste convenio. A Asociación presentará a factura xustificativa do custe.
- con carácter puntual, gastos protocolarios (agasallo institucional, lembranza por falecemento,...). A Asociación presentará a relación destes gastos, coa indicación do membro que acude ao evento e facturas xustificativas.

A entidade comprométese coa sinatura deste convenio a acreditar os gastos realizados e presentar en tempo e forma a documentación xustificativa da súa realización e pagamento, que será obxecto de control financeiro e sometemento a aprobación, previo fiscalización da Intervención, mediante Resolución da Presidencia.

O incumprimento da obriga de xustificar o gasto total ou parcial subvencionado dará lugar á perda da subvención concedida na parte non xustificada proporcionalmente. De non xustificarse axeitadamente seguirase o procedemento establecido no artigo 42 da lei xeral de subvencións.

Cuarta. Duración

Este Convenio estará vixente durante un curso académico, desde a súa formalización ata o remate do curso académico 2025-2026; sen prexuízo de que a xustificación pola Asociación deberá realizarse antes do 30 de setembro, e a fiscalización e pago que proceda antes do 31 de decembro do segundo ano.

O convenio extinguirase polo cumprimento do seu obxecto ou por incorrer en algunhas das causas de resolución da cláusula oitava.

Quinta. Difusión da colaboración das partes

Nas actividades informativas e divulgativas das conferencias obxecto deste convenio farase constar a colaboración das partes e utilizaranse a identidade corporativa do Parlamento de Galicia xunto coa da Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias.

A sinatura deste Convenio supón o consentimento expreso de ámbalas partes para facer públicos a través dos diarios oficiais que procedan e da web, os datos referidos ao seu contido de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

Sexta. Protección de datos de carácter persoal

En aplicación deste protocolo respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 Xeral de Protección de Datos e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, resultando de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados desta normativa.

Sétima. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste Convenio, crearase unha comisión de seguimento composta por un representante de cada unha das partes asinantes, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución. A comisión poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola Comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- A interpretación do convenio.
- A proposta de addendas ou modificacións.
- Elaborar o informe previo á resolución por incumprimento.
- Facultades de supervisión da execución e adopción das decisións e ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das actividades acordadas.
- Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste Convenio.

Oitava. Modificación

As partes ou a comisión de seguimento poderán instar a modificación deste Convenio en calquera momento. Mediante addenda achegarase as modificacións sobre o seu contido acordado pola partes.

As propostas de modificación deberán ser comunicadas por escrito cunha antelación dun mes.

Novena. Resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O transcurso do seu prazo de vixencia.
- O mutuo acordo entre as partes.
- A denuncia de calquera das partes, formulada cun mes de antelación e por causas xustificables.
- O incumprimento total ou parcial das cláusulas contidas neste convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Décima. Réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; e as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

Asemade rexerase pola normativa aplicable en materia de subvencións.


En proba de conformidade asínase este convenio por triplicado, en Santiago de Compostela o 1 de outubro de 2025.



PARLAMENTO
DE GALICIA
PRESIDENCIA



Miguel Ángel Santalices Vieira,
presidente do Parlamento de Galicia



Manuel López Outeiral,
presidente da Asociación de
Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do
Parlamento de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E O MUSEO DO POBO GALEGO.

No pazo do Parlamento de Galicia, en Santiago de Compostela, a dezaioito de xullo de 1995,

COMPARECEN

Dunha parte, o **Excmo. Sr. D. Victorino NÚÑEZ RODRIGUEZ**, en nome e representación do Parlamento de Galicia, que ostenta de conformidade co previsto no artigo 31.1 do Regulamento da Cámara;

E da outra, **don Antonio FRAGUAS e FRAGUAS**, maior de idade, casado, con domicilio na rúa de Montero Ríos, número 36 de esta cidade, quen intervén en nome e representación do Patronato do Museo do Pobo Galego, que ostenta de conformidade co previsto no artigo número 15, b dos seus vixentes Estatutos legalmente aprobados.

Ámbolos comparecentes recoñecense mutuamente a capacidade legal suficiente para intervir neste acto e acordalo presente convenio de colaboración nos termos que a continuación se estipulan.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a data da súa fundación, no ano 1963, o Museo do Pobo Galego foi acadando un posto relevante entre as institucións galegas que se adican ó estudio, investigación e divulgación da cultura galega e dos valores culturais do pobo galego. Durante estes anos, o Museo enriqueceu a cultura galega con importantes achádegos e con unha experiencia científica e cultural recoñecida. A riqueza, por exemplo, dos fondos bibliotecarios e documentais do Museo sobre cultura galega xustifican xa por si mesmo calquera desexo de colaboración.

O Parlamento de Galicia e o Museo do Pobo Galego poden establecer proveitosas relacións culturais, orientadas non soamente ó mellor servizo ó pobo galego, do que o Parlamento é a súa máxima representación, senón tamén na medida en que as mesmas necesidades da Cámara poden resolverse en moitos casos, relacionados coa cultura galega, dun xeito máis efectivo e máis entrañable mediante unha axeitada relación.

Estes vencellos, intensifícanse, ademais, polo feito de que, coa data do 28 de maio de 1994, o Patronato do Museo do Pobo Galego considerou que o





PARLAMENTO DE GALICIA

Parlamento de Galicia debía ter no mesmo a súa representación institucional, feito que a Mesa do Parlamento aceptou con satisfacción na súa reunión do 22 de xuño de 1994, acordando, concretamente, que a súa representación fóra por delegación e, a ser posible, de xeito rotatorio.

Por eso, os comparecentes, de acordo cos mandatos legais que lle corresponden, de conformidade coas normas ou estatutos que os rexen,

ACORDAN:

PRIMEIRO.- O Parlamento de Galicia e o Museo do Pobo Galego, representados respectivamente polos comparecentes, acordan establecer un convenio de colaboración de acordo coas cláusulas que a continuación se estipulan.

SEGUNDO.- O Museo do Pobo Galego comprométese formalmente a prestar aquel asesoramento que, dentro de acordo coas súas funcións, precise a Cámara e os seus membros para o desenvolvemento das súas funcións, de acordo coas necesidades expresadas pola presidencia ou pola Mesa do Parlamento.

TERCEIRO.- Entre o Museo do Pobo Galego e o Parlamento de Galicia establécese un acordo de relación interbibliotecaria, nos termos normais neste tipo de relacións, establecendo aquelas formas de préstamo usuais, con exclusión de aqueles fondos que cada unha das institucións fixe nunhas normas complementarias.

CUARTO.- O Museo do Pobo Galego poderá depositar no Parlamento de Galicia aquelas obras de interese cultural nas vitrinas e dependencias do Parlamento de Galicia, mediante acordo mutuo das respectivas necesidades e posibilidades.

QUINTO.- O Museo do Pobo Galego poderá realizar nas súas dependencias exposicións e actos nos que participe o Parlamento de Galicia mediante unha programación adecuada e previa a súa conformidade. Recíprocamente, o Parlamento de Galicia poderá contar cos medios dispoñibles a tales efectos polo Museo do Pobo Galego, para a programación dos seus propios actos e sempre contando coa conformidade daquel.

SEXTO.- Para o desenvolvemento máis eficaz e satisfactorio dos fins xerais da colaboración co Museo do Pobo Galego, o Parlamento de Galicia aportará para o ano en curso a cantidade de un millón de pesetas, a percibir despois da firma do presente convenio. En anos sucesivos, de seguir manténdose a colaboración, poderá renovarse por acordo presidencial, sen necesidade de aprobación de un novo convenio, entendéndose, polo tanto, prorrogado o presente polo feito da entrega da asignación devandita.



PARLAMENTO DE GALICIA

SÉTIMO.- A cantidade asignada polo Parlamento de Galicia terá o carácter de aportación voluntaria e para cada ano, sen que sobre o seu devengo se poida imponer condición algunha nin se adquirira ningún dereito para o sucesivo nin prórroga tácita, polo que a outra parte non poderá reclamar cantidade algunha nin intereses ou calquera outra cantidade polo feito de retrasos na entrega ou simplemente polo non pago no sucesivo.

OITAVO.- O incumprimento do presente convenio ou dalgunha das súas cláusulas poderá ser causa de resolución.

En proba de conformidade, previa lectura do acordado neste acto, os comparecentes asinan o presente Convenio de Colaboración no nome do Parlamento de Galicia e do Museo do Pobo Galego, respectivamente, no lugar e data indicados.

O presidente
do Parlamento de Galicia

O presidente do Museo
do Pobo Galego



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 4.º-COMUNICACIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS

A) COMUNICACIÓNS

Comunicacións de Entidades

-52094 Escrito do presidente da Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego, polo que solicita a revisión polo Parlamento de Galicia da súa contribución económica para o funcionamento da referida entidade

O Parlamento de Galicia ven efectuando unha achega como membro do Padroado ao Museo do Pobo Galego en virtude dun Convenio de colaboración asinado o 18/07/1995. Actualmente a achega resulta do acordo da Mesa do PG adoptado o 18/09/2016 que a fixou en 9.000€ actualizada conforme ao IPC nos exercicios seguintes, de xeito que a no exercicio anterior abonoúselle 10.743,12€, sendo a suba para este ano dun 0%.

Examinada a petición do Presidente da Xunta Reitora presentada o 15/07/2016 sobre a revisión á alza da contribución económica.

Téndose recibido a documentación das contas anuais que se remite sobre estas datas.

Sendo incuestionable o significado do Museo do Pobo Galego e a labor que realiza en defensa da cultura galega en todos os seus ámbitos, sobre todo, cabeceira espiritual e simbólica da rede de museos do patrimonio histórico antropolóxico de Galicia, estímase que cómpre atender a petición.

Verificada a existencia de crédito na partida orzamentaria á que se imputa do orzamento de gastos.

Polo exposto, a Mesa do Parlamento adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- O incremento da achega do PG ao Museo do Pobo Galego ao abeiro dos termos do devandito convenio de 12.000€, que será actualizada conforme ao IPC nos vindeiros exercicios.

Segundo.- Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos do Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego
Intervención e Asuntos Económicos



Parlamento de Galicia e á Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2016

Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1.^a

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias, Vicepresidenta 1.^a na data 18/07/2016 13:28:19

Xunta Reitora do Padroado do Museo do Pobo Galego
Intervención e Asuntos Económicos

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 30 de setembro de 2025, tomou coñecemento do escrito do Padroado do Museo do Pobo Galego, polo que traslada as contas anuais do exercicio 2024 e o orzamento para o ano 2025, aprobado pola Asemblea do Padroado do 14 de decembro de 2024, así como o programa de actividades para o ano en curso (núm. 34575 DO 23/09/2025) e acordou o seu traslado ao Servizo de Intervención e Asuntos Económicos.

Tendo en conta o convenio de colaboración asinado entre o Parlamento de Galicia e o Museo do Pobo Galego de 18/07/1995 e o acordo da Mesa do Parlamento do 18/07/2016 que actualiza o importe da aportación e establece a súa actualización no IPC para vindeiros exercicios,

RESOLVO:

Que se aboe ao Museo do Pobo Galego a cantidade de 14.926,79 euros que se corresponde co aboado no ano 2024 actualizado no 2,8% polo IPC xeral anual (decembro de 2023 a decembro de 2024).

Santiago de Compostela, novembro 2025

A presidencia

**Miguel Ángel
Santalices Vieira
Presidente**

Firmado digitalmente por: Miguel
Ángel Santalices Vieira, Presidente
ND: CN = Miguel Ángel Santalices
Vieira, Presidente email =
miguel.angel.santalices.vieira@par
lamentodegalicia.es
Fecha: 2025.11.26 13:17:41
+01'00'

I. DISPOSICIÓNS XERAIS**PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

LEI 5/2023, do 4 de agosto, do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres.

Exposición de motivos

Todos os pobos conservan a súa identidade e fan visible a súa continuidade histórica a través de símbolos. Entre eles, os panteóns, como depositarios e custodios da memoria colectiva. Xunto con esta función primordial, os panteóns cumpren outras dúas misións de grande importancia: por un lado, son un instrumento de recoñecemento e gratitude colectiva cara ás persoas que neles son honradas por teren destacado polos seus méritos; e, por outro, a memoria das súas obras e feitos serve de estímulo ás xeracións presentes para que traten de emular e superar os logros dos seus máis destacados devanceiros.

En Galicia, estas ideas deron lugar, a finais do século XIX, con importante apoio institucional e un grande eco popular, á creación do Panteón de Galegos Ilustres. No ano 1891, por iniciativa da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, o Concello de Santiago de Compostela, a Asociación Rexionalista Galega e un grupo de estudantes da Facultade de Dereito da Universidade, tomouse o acordo, co consentimento de Manuel Murguía e da familia de Rosalía de Castro, de trasladar os restos mortais da ilustre escritora desde o cemiterio de Adina, en Iria Flavia, ata a igrexa conventual de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela. Así, o 25 de maio de 1891, con este traslado, e co apoio entusiasta das colectividades galegas en América, comezou a súa andaina histórica o lugar simbólico que, por influencia da prensa galega da época, foi denominado Panteón de Galegos Ilustres.

Posteriormente, co ánimo de consolidar o proxecto, no ano 1906 foi soterrado na mesma igrexa o líder rexionalista Alfredo Brañas, finado en 1900. En 1932, por iniciativa dun «feixe de galeguistas de Sant-Yago», comezou a celebrarse o día 24 de xullo «unha misa pol-as almas de Rosalía e de Brañas, na Eirexa onde as súas cinzas agardan a resurrección final», concibida como un acto de «xuntanza da relixiosidade e do patriotismo galego», segundo a crónica do acto publicada no número 104 da revista Nós. O golpe de Estado de 1936 e a Guerra Civil interromperon a celebración desta misa, ata que o Padroado da Fundación Rosalía de Castro, fundado en 1947, e que tiña entre os seus fins estatutarios o de «coidar do mausoleo de Rosalía na igrexa de San Domingos de Compostela», asumiu en 1949 a organización dunha misa «votiva» cada 25 de xullo, nun acto ao que despois



seguiu unha ofrenda floral perante o monumento dedicado á poeta na Alameda compostelá ou no propio Panteón. E cómpre subliñar que a devandita celebración non correspondía nin coa data do nacemento nin coa do seu pasamento, senón coa que as Irmandades da Fala fixaran como Día Nacional de Galicia, o 25 de xullo.

Quedou así patente que, alén da súa dimensión relixiosa, este acto tiña un indubidable carácter de reivindicación da identidade galega, vencellada á figura de Rosalía de Castro. Deste xeito, San Domingos de Bonaval converteuse nun punto de encontro en que moitas persoas se xuntaban para daren, dentro dunha celebración relixiosa, testemuño de galeguismo, nunha práctica que tiña moito de resistencia e de loita por manter o facho da identidade galega durante a Ditadura.

Os sucesivos enterramentos consolidaron San Domingos de Bonaval como un verdadeiro Panteón de Galegos Ilustres: o escultor Francisco Asorei, finado en 1961 e soterrado ese mesmo ano; o poeta Ramón Cabanillas, finado en 1959 e soterrado en 1967; e o cartógrafo e matemático Domingo Fontán, finado en 1866 e soterrado en 1968. Unha consolidación como símbolo da identidade galega que foi posible grazas aos esforzos conxuntos e á xenerosidade de varias institucións, tanto públicas como privadas, que coidaron o recinto e os sartegos das persoas alí honradas: a Igrexa e o Concello de Santiago, a Fundación Rosalía de Castro, o Museo do Pobo Galego, a Fundación Alfredo Brañas e a Fundación Castelao.

A pesar de que o primeiro presidente da Xunta elixido democraticamente, o presidente Fernández Albor, tomou posesión neste simbólico lugar, o Panteón non se desenvolveu nestas décadas de autogoberno, nin recibiu o recoñecemento do que, por xustiza, era merecente. Desde 1968 tan só foi soterrado no Panteón de Galegos Ilustres un dos máis senlleiros fillos de Galicia, Alfonso Rodríguez Castelao, finado en Bos Aires en 1950 e trasladado desde o cemiterio da Chacarita ao Panteón en 1984, por acordo do Parlamento de Galicia.

Diante desta situación, e co obxectivo de recoñecer o Panteón como un símbolo da identidade de Galicia e un lugar de referencia no devir da conciencia das novas xeracións, o Consello da Cultura Galega, de acordo cos padroados das fundacións que honran a memoria das ilustres persoas soterradas en San Domingos de Bonaval, elaborou e fixo chegar ao Parlamento, agromando do tallo do centenario do traslado dos restos mortais de Rosalía, unha proposta para a regulación do Panteón. Desde entón, avanzouse para conseguir un amplo acordo social e político dirixido a institucionalizar o Panteón de Galegos Ilustres, un acordo que abranguese tanto as forzas políticas con representación parlamen-



taria como os propietarios dos espazos onde asenta o Panteón, isto é, a Igrexa e o Concello; as institucións públicas e privadas que promoven a cultura de Galicia (Consello da Cultura, Real Academia Galega ou Museo do Pobo Galego, entre outras); e os padroados das mencionadas fundacións. Trátase dun acordo que ten como obxectivo que o Panteón desempeñe un papel vivo e activo como lugar de encontro, aprendizaxe e alento do sentir da comunidade dos galegos e galegas de dentro e de fóra do país.

Por estes motivos, o Parlamento de Galicia reconece a través desta lei o Panteón de Galegas e Galegos Ilustres como un elemento singular da nosa identidade, e procede a sentar os principios que regularán a súa xestión, o seu uso e a súa conservación.

A configuración do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres como un símbolo da identidade de Galicia (artigo 1), encargado de honrar persoas e feitos que representan a continuidade da nosa singular personalidade como pobo (artigo 2), fai necesaria a participación das institucións, tanto públicas como privadas, máis representativas do conxunto do país e da súa cultura. A forma escollida para institucionalizar o Panteón é a de fundación pública autonómica porque é a máis acaída para facilitar a cooperación entre todas as institucións públicas e privadas chamadas a cumprir cos obxectivos perseguidos; ao tempo que garante, polo seu carácter público e a vinculación ao Parlamento, a súa continuidade no tempo, a súa sustentabilidade económica e o seu carácter de símbolo compartido, á marxe de ningunha outra condición que a común pertenza ao pobo galego (artigo 3).

Para preservar o carácter institucional do Panteón, a lei predetermina no seu artigo 4 a composición do Padroado da Fundación, composta por oito membros que representan aos poderes lexislativo e executivo da Comunidade Autónoma e aos titulares demaniais e patrimoniais dos espazos que conformarán o Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, todos eles presididos pola persoa titular da Presidencia do Parlamento de Galicia, institución representativa do conxunto do pobo galego.

Para garantir que se manteñan no tempo os consensos que inspiran e levan á aprobación desta lei, no seu artigo 6 establécense maiorías cualificadas no Padroado para a aprobación das normas esenciais de funcionamento en relación cos usos do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, que en todo caso deberán ser respectuosos coa natureza e o significado do lugar; e en relación coas honras, protocolos e cerimoniais que se realicen no futuro.

Para facilitar a participación na Fundación e nas súas actividades de cantas institucións e persoas que, pola súa vinculación histórica ou presente ou pola súa capacidade



de asesoramento, poidan contribuír a dar cumprimento aos obxectivos e fins do Panteón, o artigo 7 crea unha ampla comisión asesora, aberta a novas incorporacións temporais ou definitivas.

En definitiva, con esta lei recoñécese o Panteón de Galegas e Galegos Ilustres como un elemento singular da identidade de Galicia, de maneira que, tal e como evocara Alfonso Castelao na súa Alba de Groria, pronunciada en Bos Aires o 25 de xullo de 1948, o Panteón, honrando «as nobres dinidades e os fortes caracteres que deu Galiza no decorrer da súa Hestoria», sirva para que «co seu simbolismo nos deixe ver o pasado para proveito do futuro».

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome do rei a Lei do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres.

Artigo 1. *O Panteón de Galegas e Galegos Ilustres*

O Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, símbolo da identidade do pobo galego e da súa continuidade histórica, é o espazo físico destinado a honrar e perpetuar a memoria das persoas que teñan contribuído significativamente á afirmación da identidade de Galicia, ao coñecemento desa identidade e á súa defensa, así como ao desenvolvemento do progreso do pobo galego en particular e da humanidade en xeral.

Artigo 2. *Obxecto e fins*

No Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, dándolle continuidade ao Panteón de Galegos Ilustres sito na Igrexa de San Domingos de Bonaval en Santiago de Compostela, honraranse as galegas e os galegos que se teñan distinguido durante a súa vida polos servizos prestados a Galicia, particularmente:

- Na defensa dos valores compartidos polo pobo galego, como o respecto á dignidade das persoas e aos seus dereitos, á liberdade ou á solidariedade.
- Na reivindicación da cultura, da lingua galega e da personalidade histórica de Galicia.
- Na contribución ao coñecemento científico e ao desenvolvemento das ciencias humanas, sociais, naturais, da saúde ou tecnolóxicas.



– Na creación artística e literaria galega.

Artigo 3. *Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres*

1. Coa finalidade de interese xeral da conservación, xestión e promoción do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, así como a dos valores que representa, o Parlamento de Galicia promoverá a constitución dunha fundación pública coa denominación de Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, que actuará baixo o seu control, dependencia ou tutela. A esta fundación seranlle aplicables as leis autonómicas que regulan as fundacións de interese galego e as fundacións do sector público autonómico, coas especialidades establecidas nesta lei.

2. A Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres terá personalidade xurídica propia, contará co seu propio patrimonio e tesouraría e gozará de autonomía de xestión nos termos previstos na lexislación indicada neste artigo.

3. O Parlamento de Galicia, a través da Mesa conxuntamente coa Xunta de Portavoces, exercerá as funcións que a normativa que regula as fundacións do sector público autonómico atribúe ao Consello da Xunta. Para exercer estas funcións e as demais que lle correspondan, contará co asesoramento e a colaboración dos servizos da Cámara.

4. O Parlamento, alén da achega que efectúe á dotación inicial da Fundación, que en todo caso será maioritaria, incorporará anualmente aos orzamentos xerais da Xunta de Galicia, dentro da súa sección, recursos suficientes para dar cumprimento aos fins do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres. Así mesmo, os estatutos da Fundación preverán que o Padroado encargue o exercicio da xestión ordinaria ou administrativa das actividades da Fundación aos servizos da Cámara, que executarán os ingresos e os gastos previstos nos orzamentos anuais da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres de acordo coas normas previstas nas leis que regulan o réxime económico e financeiro das fundacións públicas autonómicas.

Artigo 4. *Presidencia e Padroado*

A escritura de constitución preverá que o Padroado da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres estea presidido pola persoa titular da Presidencia do Parlamento de Galicia, para o cal contará coa asistencia dos servizos do Parlamento. Ademais da persoa que

CVE-DOG: qdkqyz5-wbs1-dph3-g8r7-zcjtz9z4cu4



asuma a Presidencia, formarán parte do Padroado as persoas integrantes da Mesa do Parlamento e mais as seguintes persoas en representación das correspondentes institucións:

– Pola Xunta de Galicia, o titular da Presidencia ou a persoa membro do Consello da Xunta en que delegue.

– Polo Concello de Santiago de Compostela, a persoa titular da Alcaldía ou a persoa membro da corporación municipal en que delegue.

– Pola Arquidiocese de Santiago de Compostela, o arcebispo de Santiago de Compostela ou a persoa en que delegue.

Artigo 5. *Domicilio*

A Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres estará domiciliada na sede do Parlamento de Galicia en Santiago de Compostela, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria desta lei.

Artigo 6. *Funcionamento*

1. A Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres actuará conforme o previsto na normativa indicada no artigo 3 e nos seus estatutos.

2. Os estatutos da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres recollerán, cando menos, as normas básicas para o establecemento das regulamentacións seguintes:

a) Un regulamento de usos do espazo do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres que garanta unha utilización respectuosa e decorosa apropiada ás súas finalidades, particularmente no contorno dos soterramentos físicos do actual Panteón de Galegos Ilustres.

b) Un regulamento de honras, protocolo e cerimoniais que estableza os requisitos mínimos que xustifiquen a concesión de novas honras no Panteón de Galegas e Galegos Ilustres.

3. Para as decisións que afecten o desenvolvemento dos regulamentos de usos e de honras, o Padroado procurará o acordo unánime dos seus membros, e en todo caso adoptará as súas decisións por unha maioría cualificada de tres cuartos das persoas integrantes.



4. Garantirase a apertura ao público do Panteón, difundindo e fomentando as visitas a este espazo emblemático, ben como a celebración de actos de recoñecemento e homenaxe ás personalidades que alí están soterradas por parte de organizacións sociais, culturais ou políticas, no marco do decoro e o respecto que debe presidir este lugar.

Artigo 7. *Comisión asesora*

1. Para o cumprimento dos seus fins, e particularmente para o asesoramento do Padroado da Fundación na aplicación dos regulamentos de uso e de honras, os estatutos da Fundación incluírán a creación dunha comisión asesora da que formarán parte, presididos pola persoa que asuma a Presidencia da Fundación ou polo membro do Padroado en quen delegue, un representante de cada unha das seguintes institucións: o Consello da Cultura Galega; a Real Academia Galega; a Real Academia Galega das Belas Artes; as tres universidades públicas de Galicia; as consellarías da Xunta que teñan atribuídas as funcións de cultura e patrimonio histórico e de facenda e orzamentos; o Concello de Santiago de Compostela; a Arquidiocese de Santiago de Compostela; o Museo do Pobo Galego; e, de estaren constituídos e en funcionamento, unha persoa representante da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago e un representante de cada un dos padroados que honran a memoria das persoas soterradas no Panteón de Galegos Ilustres.

2. Á comisión asesora poderán incorporarse, con carácter permanente ou para asesoramentos específicos, aqueloutras representacións ou persoas que o Padroado considerar oportuno.

Disposición adicional primeira

Tendo en conta o carácter histórico do Panteón sito na igrexa de San Domingos de Bonaval, non se realizarán novos enterramentos nel, sen prexuízo do disposto no artigo 2.

Disposición adicional segunda

Por razóns de eficacia e economía de medios, a Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres e a consellaría da Xunta de Galicia competente en materia de cultura poderán asinar un convenio de colaboración para que os servizos competentes do Museo do Pobo Galego asuman a xestión material ordinaria do espazo físico do Panteón en San Domingos de Bonaval, coa adecuada compensación financeira dos gastos adicionais en que incorra.



Disposición adicional terceira

A persoa que exerza a Presidencia do Parlamento informará de todas as actuacións e acordos conducentes á constitución da Fundación á Mesa do Parlamento, así como dos acordos que, unha vez constituída, foren adoptados no Padroado. En relación cos estatutos e cos regulamentos de usos e honras, será consultada a Mesa coa Xunta de Portavoces.

Disposición transitoria

1. A constitución da Fundación realizarase mediante escritura pública, de acordo co previsto no artigo 3. Actuarán como fundadores o Parlamento de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a Arquidiocese de Santiago de Compostela, que determinarán de común acordo os estatutos da Fundación, ben como a súa dotación inicial.

2. En particular, co obxectivo de lle dar continuidade ao Panteón de Galegos Ilustres, faranse as xestións necesarias para que tanto a Arquidiocese compostelá como o Concello de Santiago de Compostela, no momento da constitución ou con posterioridade, cedan á Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres o uso, respectivamente, da Igrexa de San Domingos de Bonaval e da parte de terreo público municipal imprescindible, dada a súa vinculación física con el, que será delimitado polo Concello no convenio de cesión.

3. A Presidencia do Parlamento de Galicia promoverá, coa maior dilixencia desde a entrada en vigor desta lei, a realización de todas as xestións necesarias dirixidas a obter os acordos precisos para constituír e rexistrar a Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, procurando, en particular, a cesión do uso dos espazos recollidos no número anterior polo Concello de Santiago de Compostela e a Arquidiocese de Santiago de Compostela polo máximo tempo posible. Así mesmo, unha vez constituída a Fundación, promoverá a formalización do convenio de colaboración previsto na disposición adicional segunda.

Disposición derradeira

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catro de agosto de dous mil vinte e tres

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

CVE-DOG: qdkqyz5-wbs1-dph3-g8r7-zcjt9z4cu4



Estatutos da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres (FPGGI)

TÍTULO PRIMEIRO DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Denominación e natureza

1. A Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres é unha fundación pública de interese galego promovida polo Parlamento de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 5/2023, do 4 de agosto, do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres. [Art. 3.1 LPGGI e arts. 2, 6 e 12.1.a) LFIG]

2. Son fundadores o Parlamento de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a Arquidiocese de Santiago de Compostela. (Disposición transitoria 1 LPGGI e art. 9 LFIG)

Artigo 2. Personalidade e capacidade

1. A fundación ten personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública da súa constitución no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Comunidade Autónoma de Galicia. (Art. 3.2 e disposición transitoria 1 e 3 LPGGI, e art. 5 da LFIG)

2. Para o cumprimento dos seus fins, a fundación ten plena capacidade xurídica e de obrar, e goza de autonomía de xestión. (Art. 3.2 da LPGGI)

Artigo 3. Réxime xurídico aplicable á fundación

1. A fundación réxese pola Lei 5/2023, do 4 de agosto, do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, por estes estatutos e polos regulamentos que regulen a súa organización, funcionamento e ordenación das diferentes actividades, así como por aquelas normas xurídicas que lle poidan ser aplicables en función da súa natureza, obxecto e fins fundacionais. (Arts. 3.1 e 6.1 LPGGI)

2. A fundación, no exercicio das competencias que ten atribuídas, integrará activamente a perspectiva de xénero, de acordo co establecido na normativa aplicable.

Artigo 4. Domicilio [Art. 5 LPGGI e arts. 7 e 12.1.d) LFIG]

O domicilio da fundación é a sede do Parlamento de Galicia, en Santiago de Compostela.

Artigo 5. Ámbito de actuación (Art. 7 LFIG)

O ámbito territorial no que desenvolve principalmente as súas actividades é o da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6. Obxecto e fins [Arts. 2 e 6.4 LPGGI e arts. 2, 4, e 12.1.b) da LFIG]

1. No Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, dándolle continuidade ao Panteón de Galegos Ilustres situado na igrexa de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela, honraranse as galegas e os galegos que se distinguisen durante a súa vida polos servizos prestados a Galicia, particularmente:

a) Na defensa dos valores compartidos polo pobo galego, como o respecto á dignidade das persoas e aos seus dereitos, á liberdade ou á solidariedade.

b) Na reivindicación da cultura e a lingua galega e da personalidade histórica de Galicia.

IK0574604

10/2024



Estatutos da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres (FPGGI)

- c) Na contribución ao coñecemento científico e ao desenvolvemento das ciencias humanas, sociais, naturais, da saúde ou tecnolóxicas.
- d) Na creación artística e literaria galega.

2. Para o cumprimento dos fins legais levaranse a cabo as seguintes actuacións:

a) O padroado dará información suficiente dos fins e das actividades da fundación para seren coñecidos polas súas eventuais persoas beneficiarias e polas demais interesadas, conforme a normativa sobre transparencia que sexa aplicable. Igualmente, garantirá a apertura ao público do panteón, ben difundindo e fomentando as visitas a este espazo emblemático, ben celebrando actos de recoñecemento e homenaxe ás personalidades que alí están soterradas por parte de organizacións sociais, culturais ou políticas, no marco do decoro e o respecto que deben presidir este lugar, particularmente no contorno dos soterramentos físicos do actual Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, como se establece no artigo 6, punto 2, apartado a) da LPGGI.

b) A Arquidiocese de Santiago de Compostela, unha vez formalizada a cesión da igrexa de San Domingos de Bonaval, de conformidade co establecido na disposición transitoria apartado 2 da LPGGI, poderá celebrar, de acordo cos seus usos litúrxicos, actos con motivo de eventos relacionados co obxecto e as finalidades enumerados no punto 1 do artigo 6 dos Estatutos, coidando de respectar e cumprir as disposicións contidas no parágrafo anterior, especialmente no que se refire aos usos e honras no contorno dos soterramentos físicos do actual Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, que deberán axustarse ao que determine a normativa a que se refire o artigo 6.2.a) da LPGGI.

Artigo 7. Actividades fundacionais [Art. 6.4 LPGGI e arts. 2, 4 e 12.1.c) LFIG]

Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior e a título orientativo, a fundación, xa sexa por iniciativa propia ou en colaboración con terceiros, poderá:

- a) Establecer convenios ou protocolos de colaboración con institucións públicas e privadas.
- b) Subscribir os oportunos contratos con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.
- c) Coordinar as súas actividades con aquelas outras que realicen as administracións públicas e as demais entidades do sector público.

TÍTULO SEGUNDO PADROADO

Artigo 8. Composición do padroado [Art. 4 LPGGI e arts. 12.1.f), 15 e 16 LFIG]

1. O padroado da fundación está integrado por:

- a) A persoa titular da Presidencia do Parlamento de Galicia.
- b) A persoa titular da Vicepresidencia 1ª do Parlamento de Galicia.
- c) A persoa titular da Vicepresidencia 2ª do Parlamento de Galicia.
- d) A persoa titular da Secretaría do Parlamento de Galicia.
- e) A persoa titular da Vicesecretaría do Parlamento de Galicia.

2. Estará tamén integrado polas seguintes persoas en representación das institucións seguintes:

Estatutos da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres (FPGGI)

- a) Pola Xunta de Galicia, a persoa titular da Presidencia ou o membro do Consello da Xunta en que delegue.
- b) Polo Concello de Santiago de Compostela, a persoa titular da alcaldía ou o membro da corporación municipal en que delegue.
- c) Pola Arquidiocese de Santiago de Compostela, o arcebispo de Santiago de Compostela ou a persoa en que delegue.

Artigo 9. Aceptación e exercicio do cargo de membro do padroado [Arts. 12.1.f), 17.3 e 19 LFIG]

1. Os membros do padroado comezarán a exercer as súas funcións despois de aceptar expresamente o seu cargo, mediante escrito dirixido a ese órgano de goberno.
2. Os membros do padroado deberán exercer as súas funcións persoalmente. Non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro membro do padroado designado por el. Esta actuación será sempre para actos concretos e deberá axustarse ás instrucións que, se é o caso, a persoa representada lle formule por escrito.

Artigo 10. Duración do mandato dos membros do padroado [Arts. 12.1.f) e 20 LFIG]

Os membros do padroado desempeñarán as súas funcións polo tempo que dure o cargo polo que foron nomeados, agás a secretaria ou o secretario, que exercerá as súas funcións ata o seu cesamento pola presidencia.

Artigo 11. Substitución dos membros do padroado [Arts. 12.1.f) e 24 LFIG]

Logo de producida unha vacante dun membro do padroado que fose nomeado por razón do seu cargo, a substitución recaerá na persoa que a substitúa no dito cargo.

Artigo 12. Liberdade de actuación

O padroado terá plena liberdade para determinar as actividades que, ao seu xuízo e dentro dos fins da fundación e do ordenamento xurídico vixente, sexan as máis axeitadas ou convenientes en cada momento, coa intención de alcanzar os obxectivos concretos da fundación.

Artigo 13. Cesamento dos membros do padroado [Arts. 12.1.f) e 24 LFIG]

1. O cesamento dos membros do padroado da fundación nomeados pola condición do seu cargo producirase por deixar de desempeñar o cargo en razón do cal foron nomeados.
2. Ademais, o cesamento producirase nos supostos previstos na normativa reguladora das fundacións de interese galego, en concreto:
 - a) Por morte ou declaración de falecemento, incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade.
 - b) Por ter sido condenado por sentenza firme como consecuencia do exercicio da acción fundacional de responsabilidade.
 - c) Por non desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal, se así se declara en resolución xudicial.
 - d) Por renuncia, a cal será efectiva desde o momento en que se lle notifique formalmente ao órgano

IK0574605

10/2024



Estatutos da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres (FPGGI)

de goberno da fundación, que deberá facerse na forma prevista para a aceptación do cargo de membro do padroado.

3. O cesamento dos membros do padroado comunicarase formalmente ao protectorado.

Artigo 14. Dereitos e deberes dos membros do padroado (Art. 21 LFIG)

1. Son dereitos dos membros do padroado:

- a) Recibir a convocatoria coa orde do día, así como dispoñer da información relativa aos temas que figuren na orde do día, e asistir ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte.
- b) Participar nos debates das sesións.
- c) Exercer o seu dereito de voto e formular voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- d) Formular rogos e preguntas.
- e) Obter a información precisa para o cumprimento das funcións asignadas.
- f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición e todas aquelas que expresamente lles sexan atribuídas por acordo do padroado.

2. Son deberes dos membros do padroado:

- a) Cumprir e facer cumprir os fins fundacionais.
- b) Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación, mantendo o seu rendemento, utilidade e produtividade segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.
- c) Asistir ás xuntanzas do padroado e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adopten.
- d) Realizar as actuacións necesarias para practicar as inscricións que legalmente procedan nos rexistros públicos correspondentes.

Artigo 15. Responsabilidades dos membros do padroado (Art. 22 LFIG)

- 1. Os membros do padroado deberán desempeñar o seu cargo coa dilixencia dun representante leal.
- 2. Os membros do padroado responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos, ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, cando menos, se opuxeron expresamente a aquel.

Artigo 16. Carácter gratuíto do cargo de membro do padroado (Art. 23 LFIG)

- 1. Os membros do padroado exercerán o seu cargo de forma gratuíta, sen que en ningún caso poidan percibir retribución polo desempeño da súa función.
- 2. Os membros do padroado terán dereito a ser reembolsados dos gastos, debidamente xustificados, que lles ocasione o desempeño da súa función.

Estatutos da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres (FPGGI)

Artigo 17. Facultades do padroado [Arts. 12.1.f) e 15.2 LFIG]

1. Correspóndenlle ao padroado cantas facultades se precisen en dereito para o eficaz cumprimento do fin fundacional e, en concreto, para o goberno, a representación e a administración da fundación, sen outras limitacións que as establecidas por estes estatutos e polas disposicións vixentes. En especial, o padroado gozará de plena autonomía no exercicio das súas funcións, sen prexuízo das facultades que se outorguen ou correspondan ao protectorado.

2. Serán facultades do padroado, sen prexuízo das previstas noutros artigos destes estatutos e a título enunciativo e non limitativo, as seguintes:

- a) A dirección da fundación no marco fixado nestes estatutos e, no non previsto nestes, polo que as leis determinen.
- b) Adoptar as medidas convenientes que garantan o mellor cumprimento dos fins fundacionais.
- c) Ordenar a xestión administrativa das actividades da fundación, ademais da xestión material ordinaria do espazo físico do panteón.
- d) Elaborar e aprobar o plan de actuación da fundación.
- e) Aprobar os regulamentos de réxime interno, así como a organización interna, estrutural e funcional.
- f) Aprobar o regulamento de usos e honras do espazo do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres e mais o regulamento de honras, protocolo e cerimonial.
- g) Elaborar e aprobar os orzamentos da fundación.
- h) Elaborar e aprobar as contas anuais.
- i) Realizar as contratacións da fundación.
- j) Concertar os convenios que considere de interese para o mellor logro dos seus fins.
- k) Aprobar o logotipo e o selo ou selos como imaxe representativa da fundación, e autorizar o seu uso na forma que considere oportuna.
- l) Acordar o exercicio das accións e excepcións que considere oportunas, así como a interposición de recursos e reclamacións xudiciais e administrativas, en defensa dos dereitos e intereses da fundación.
- m) Aceptar doazóns, legados e herdanzas a beneficio de inventario. Malia o anterior, para a súa aceptación ou repudiación haberá que aterse ao que as normas establezan en canto a autorizacións e comunicacións ao protectorado. (Art. 30 LFIG)
- n) Adoptar os acordos sobre a extinción e liquidación nos casos previstos na lexislación vixente.
- ñ) Calquera outra función non asignada expresamente a outro órgano da fundación.

3. O padroado poderá delegar as súas facultades nun ou máis dun dos seus membros e nomear apoderados xerais ou especiais con función e responsabilidades mancomunadas ou solidarias, con excepción das que, conforme a normativa reguladoras das fundacións de interese galego, sexan indelegables. (Art. 18 LFIG)

IK0574606

10/2024



Estatutos da Fundación Panteón de Galegos e Galegos Ilustres (FPGGI)

Artigo 18. Organización do padroado

O padroado contará necesariamente cunha presidencia, vicepresidencia e secretaría, que deberán ser membros deste órgano.

Artigo 19. Presidencia do padroado (Art. 4 LPGGI, art. 16.2 LFIG e art. 12 RFIG)

1. A presidencia do padroado correspóndelle á persoa titular da Presidencia do Parlamento de Galicia.

A título enunciativo e non limitativo, corresponderanlle as seguintes funcións:

- a) Exercer a representación da fundación.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, se é o caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación, así como suspender e levantar as sesións.
- c) Presidir as sesións, moderar e arbitrar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adoptar acordos.
- e) Executar os acordos adoptados, podendo realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.
- f) Autorizar a asistencia ás reunións do padroado doutras persoas, en calidade de acompañantes dos membros, se a súa presenza se xulga conveniente pola natureza das cuestións que se van debater.
- g) Supervisar as operacións da fundación e presentar ao padroado os informes que considere oportunos.
- h) Exercer, no caso de urxencia, toda clase de accións, excepcións e recursos xudiciais e administrativos na defensa dos dereitos e intereses da fundación, dando conta disto na primeira sesión que celebre o padroado.
- i) Asegurar o cumprimento das leis.
- j) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- k) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente ou presidenta do órgano.

Artigo 20. Vicepresidencia do padroado

Corresponderalle á persoa que exerza a vicepresidencia realizar as funcións da presidencia nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo actuar tamén en representación da fundación, naqueles supostos en que así se determine por acordo do padroado.

Artigo 21. Secretaría do padroado (Arts. 16.3 LFIG e 13 RFIG)

1. Corresponderalle á persoa que exerza a secretaría:

- a) Certificar os acordos do padroado, co visto e prace da presidencia.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións do padroado, por orde da presidencia.
- c) Conservar a documentación da fundación e reflectir no libro de actas do padroado o

Estatutos da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres (FPGGI)

desenvolvemento das reunións.

d) Calquera outra función inherente á condición de secretario ou secretaria ou prevista nos estatutos da fundación.

2. Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, a persoa que desempeñe a secretaría será substituída pola persoa vogal de menor idade do padroado.

Artigo 22. Reunións do padroado e convocatoria [Art. 6 LPGGI, art. 12.1.f) LFIG e arts. 16 e 17 RFIG]

1. O padroado reunirse en sesión ordinaria, polo menos, dúas veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da fundación. Correspóndelle á presidencia convocar as súas reunións, por propia iniciativa ou por petición das dúas terceiras partes dos membros do padroado.

2. A convocatoria das sesións ordinarias do padroado farase chegar a cada un dos membros, polo menos, con nove días de antelación á data de celebración, por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción. Nela faranse constar o lugar, o día e a hora de celebración da reunión e mais a orde do día, así como as propostas ou a documentación dos asuntos que se van tratar.

3. No caso de sesións extraordinarias, a convocatoria poderá realizarse con corenta e oito horas de antelación. Así mesmo, considerarase constituído o padroado en sesión extraordinaria cando, estando presentes a totalidade dos seus membros, así o acorden. En tal caso, o padroado quedará validamente constituído para tratar os temas que os seus membros decidisen unanimemente incluír na orde do día.

Artigo 23. Formas de deliberar e adoptar acordos [Art. 6.3 LPGGI, arts. 12.1.f) e 15.1 LFIG e arts. 17 e 18 RFIG]

1. O padroado entenderase validamente constituído cando concorran, presentes ou representados, polo menos a metade máis un dos seus membros. Porén, para a aprobación ou modificación dos regulamentos de usos e de honras, requirirase, cando menos, a presenza dos tres cuartos dos seus membros.

2. Os acordos serán adoptados polo voto favorable da maioría dos membros integrantes del, e será dirimente no caso de empate o voto da persoa que exerza a presidencia. Non obstante, requirirase o voto favorable das dúas terceiras partes dos membros asistentes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros para aprobar acordos que se refiran á modificación dos estatutos, á disposición de bens a título gratuíto e á extinción da fundación. (Art. 17.2 RFIG)

Para a aprobación ou modificación dos regulamentos de usos e de honras, requirirase a unanimidade dos membros do padroado. De non se acadar esta maioría, requirirase o voto favorable dos tres cuartos das persoas integrantes del.

3. Das reunións do padroado a persoa que exerza a secretaría levantará unha acta sucinta, que especificará necesariamente as persoas asistentes, a orde do día da reunión e as circunstancias do lugar e do tempo de realización da sesión e dos puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

A acta deberá ser aprobada na mesma ou na seguinte reunión. Unha vez aprobada, transcribírase no correspondente libro de actas e será asinada pola persoa que exerza a secretaría, co visto e praxe do presidente ou presidenta.

Na acta figurarán, por solicitude dos membros do padroado, o voto contrario ao acordo adoptado e os motivos que o xustifiquen ou o sentido do voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que presente no

IK0574607

10/2024



Estatutos da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres (FPGGI)

acto, ou no prazo que sinala a presidencia do padroado, o texto que corresponda fielmente coa súa intervención, facendo constar na acta ou xuntándolle copia a esta.

TÍTULO TERCEIRO

PROTECTORADO

Artigo 24. Protectorado (Artigo 47 LFIG)

O protectorado será exercido polo departamento da Xunta de Galicia que teña atribuídas as competencias en materia de cultura.

TÍTULO CUARTO

ÓRGANO DE ASESORAMENTO

Artigo 25. Comisión asesora (Art. 7 LPGGI)

1. Para o cumprimento dos seus fins e, particularmente, para o asesoramento do padroado da fundación na aplicación dos regulamentos de uso e de honras, créase unha comisión asesora, da que formarán parte, presididas pola persoa que asuma a presidencia da fundación ou polo membro do padroado en quen delegue, unha persoa representante de cada unha das seguintes institucións:

- a) O Consello da Cultura Galega.
- b) A Real Academia Galega.
- c) A Real Academia Galega das Belas Artes.
- d) As tres universidades públicas de Galicia.
- e) As consellarías da Xunta que teñan atribuídas as funcións de cultura e patrimonio histórico e de facenda e orzamentos.
- f) O Concello de Santiago de Compostela.
- g) A Arquidiocese de Santiago de Compostela.
- h) O Museo do Pobo Galego.
- i) A Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago.
- j) Os padroados que honran a memoria das persoas soterradas no Panteón de Galegas e Galegos Ilustres.

2. Á comisión asesora poderán incorporarse, con carácter permanente ou para asesoramentos específicos, aquelas outras representacións ou persoas que o padroado considere oportuno.

3. A asistencia dos membros da comisión asesora será sen custo para a fundación.

TÍTULO QUINTO

PATRIMONIO E RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 26. Patrimonio fundacional (Arts. 26 a 30 LFIG)

Estatutos da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres (FPGGI)

1. O patrimonio da fundación estará integrado por todos os bens e dereitos susceptibles de valoración económica dos que sexa titular, sen outras limitacións que as impostas polas leis. Así, formarán parte del a dotación inicial e calquera outro ben e dereito que, a partir deste momento, adquira a fundación, a título oneroso ou a título gratuito, de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas. A súa adquisición, administración e disposición correspóndenlles aos órganos da fundación, de acordo co establecido nestes estatutos.

2. O alleamento e o gravame dos bens e dos dereitos da fundación que estean directamente vinculados ao cumprimento dos fins fundacionais deberán ser comunicados ao protectorado. Os restantes alleamentos e gravames faranse constar na memoria presentada ao protectorado.

3. O patrimonio da fundación quedará reflectido no inventario, que revisará e aprobará anualmente o padroado.

4. A fundación poderá aceptar a cesión en uso de bens e dereitos, sen que iso implique a transmisión de dominio nin de ningún dereito real sobre eles. As melloras, as reparacións, a conservación e o mantemento dos bens cedidos para o seu uso serán de conta da fundación, agás as obras de carácter estrutural e aquelas outras que o ordenamento xurídico atribúa ao seu titular.

O establecido neste punto enténdese sen prexuízo do disposto na disposición adicional terceira destes estatutos.

Artigo 27. Adscripción do patrimonio fundacional (Art. 29.1.segundo parágrafo LFIG)

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados ao cumprimento dos fins que a fundación persecue, nos termos establecidos na lexislación vixente e nestes estatutos.

Artigo 28. Financiamento [Arts. 33 e 34 LFIG]

Os recursos económico-financeiros da fundación compóñense de:

- a) A dotación inicial.
- b) Os recursos orzamentarios que consten na sección do Parlamento dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia destinados especificamente á fundación.
- c) Os derivados dos contratos e convenios asinados con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.
- d) Os rendementos do seu patrimonio.
- e) As subvencións, axudas, donativos, legados e herdanzas aceptados.
- f) Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.
- g) Calquera outro, no marco legal aplicable.

Artigo 29. Réxime orzamentario (Art. 3.4 LPPGI)

1. O Parlamento incorporará anualmente, dentro da súa sección dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, recursos suficientes para o cumprimento dos fins da fundación.

2. Os orzamentos da fundación serán estimativos e poderán elaborarse como un orzamento de explotación: conta de perdas e ganancias estimada, e un orzamento de capital: estado de fluxos de efectivo estimado.

IK0574608

10/2024



Estatutos da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres (FPGGI)

Artigo 30. *Exercicio financeiro* (Art. 3.4 LPGGI e 36 LFIG)

1. O exercicio económico coincidirá co ano natural.
2. A fundación, ademais do libro de actas, levará necesariamente un libro diario e un libro de inventarios e contas anuais, e aqueles outros que sexan convenientes para a boa orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da súa contabilidade.
3. Na xestión económico-financieira, a fundación rexerase de acordo cos principios e criterios xerais determinados na normativa contable aplicable ás entidades sen ánimo de lucro.

Artigo 31. *Plan de actuación e contas anuais* [Arts. 12.1.e), 36, 37, 38, 39 e disposición adicional cuarta LFIG, e RD 1491/2011, do 24 de outubro, do PXC das entidades sen fins lucrativos]

1. O padroado elaborará e remitirá ao protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, no que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se prevea desenvolver durante o exercicio seguinte e unha memoria explicativa do mesmo plan de actuación. Igualmente, incorporará unha previsión de ingresos e gastos. Este plan de actuación deberá presentarse ao protectorado acompañado da certificación de aprobación por parte do padroado da fundación, que os depositará no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.
2. As contas anuais deberán ser aprobadas polo padroado dentro dos seis meses seguintes á data do peche do exercicio económico e presentaranse ante o protectorado no prazo de vinte días hábiles, contados desde á súa aprobación, para o seu exame e posterior depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.
3. As contas anuais, que comprenden o balance, a conta de resultados e a memoria, forman unha unidade, deben ser redactadas con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación.
A memoria completará, ampliará e comentará a información contida no balance e na conta de resultados e aquela que legalmente deba incluírse.
4. As contas anuais poderán ser sometidas a unha auditoría externa, sen prexuízo do control financeiro interno que se exerza, de ser o caso.

TÍTULO SEXTO

MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E EXTINCIÓN

Artigo 32. *Modificación dos estatutos* (Art. 41 LFIG e art. 17.2 RFIG)

1. Por acordo do padroado poderán ser modificados os estatutos sempre que resulte conveniente para os intereses da fundación e se cumpran os requisitos exixidos legalmente.
2. Para a adopción de acordos de modificación, será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos membros asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do padroado.
3. A modificación ou nova redacción dos estatutos acordada polo padroado deberá ser comunicada ao protectorado, formalizada en escritura pública e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 33. *Extinción*

Estatutos da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres (FPGGI)

A fundación extinguirase polas causas e nas formas previstas no artigo 44 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego. O acordo de extinción requirirá o voto favorable das dúas terceiras partes dos membros asistentes, sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros e a súa ratificación por parte do protectorado.

Artigo 34. Liquidación e adxudicación

1. A extinción da fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación, que será realizada polo padroado baixo o control do protectorado, conforme o disposto nos artigos 45 e 46 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.
2. Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas privadas ou públicas que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, incluso para o suposto de disolución, á consecución daqueles, e que estean consideradas como entidades beneficiarias do mecenado, conforme o previsto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.
3. Correspóndelle ao padroado designar as entidades receptoras destes bens, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Disposición adicional primeira. Competencias legais do protectorado

O previsto nestes estatutos non implica a limitación ou substitución das competencias que a lexislación vixente lle atribúe ao protectorado, e moi especialmente en relación coas autorizacións ou limitacións ás que a fundación se somete expresamente.

Disposición adicional segunda. Aprobación dos regulamentos de usos e honras

No prazo dun ano desde a aprobación destes estatutos, o padroado aprobará o Regulamento de usos do espazo do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres e o Regulamento de honras, protocolo e cerimoniais.

Disposición adicional terceira. Conservación da igrexa de San Domingos de Bonaval

As obras de mellora, reparación, conservación e mantemento da igrexa de San Domingos de Bonaval cuxo dereito de uso se lle poida ceder á fundación, conforme o previsto na disposición transitoria.2 da Lei 5/2023, do 4 de agosto, serán a cargo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia polo tempo de duración da cesión.

Disposición transitoria primeira. Primeira designación da vicepresidencia e da secretaría do padroado

As persoas que exerzan a vicepresidencia e a secretaría do padroado serán nomeadas na súa sesión constitutiva de entre os seus membros, se non fosen nomeadas na data de outorgamento da escritura fundacional.

Disposición transitoria segunda. Constitución da comisión asesora

No prazo dun ano desde a aprobación destes estatutos, constituirase a comisión asesora á que se refire o seu artigo 25.

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na sesión do día 18 de marzo de 2025, consonte a Disposición adicional terceira da Lei 5/2023, do 4 de agosto, do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, emitiu consulta positiva respecto da Acta fundacional e os Estatutos da Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, que se elevarán a escritura pública ante notario.

Sendo preciso facer efectivas as achegas das institucións que constitúen o Padroado con anterioridade á sinatura da escritura notarial, a Presidencia comunica a apertura dunha conta bancaria a nome e co código de identificación fiscal da Fundación.

A autorización, disposición e recoñecemento do importe a achegar por parte do Parlamento de Galicia, a saber 15.000,00€, atópase implícito no acordo adoptado por esta Mesa.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2025

María Elena
Candia López,
Vicepresidenta 1^a

Firmado digitalmente por María Elena
Candia López, Vicepresidenta 1^a
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=María Elena Candia López,
Vicepresidenta 1^a,
email=elena.candia.lopez@parlamentod
egalicia.es
Fecha: 2025.03.21 09:22:11 +01'00'

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1^a



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª na data 21/03/2025 9:22:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 21/03/2025 09:36:02
Nº Rexistro: 6114
Data envío: 21/03/2025 09:36:02.975

CSV: REXPG-PMPYGLLVJ4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/03/2025 9:36:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 21/03/2025 09:36:02
Nº Rexistro: 6114
Data envío: 21/03/2025 09:36:02.975

CSV: REXPG-PMPYGLLVJ4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PROPOSTA Á MESA

Aportación á Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres- exercicio 2025.

A lei 5/2023, do 4 de agosto, do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres (DOG Núm. 150 do 8 de agosto de 2023), di no seu artigo 3 que: “o Parlamento de Galicia promoverá a constitución dunha fundación pública coa denominación de Fundación Panteón de Galegas e Galegos Ilustres, que actuará baixo o seu control, dependencia ou tutela...”.

Por tal motivo a disposición transitoria terceira do mencionado texto legal indica que a Presidencia do Parlamento debía promover a realización de todas as xestións necesarias dirixidas a obter os acordos precisos para constituír e rexistrar a Fundación, o que supuxo asumir unha serie de gastos con carácter previo á constitución formal desta tales como taxas pola expedición de certificacións ou gastos de notaría.

A Fundación constituíuse ante notario o día 12 de abril de 2025. Posteriormente, foi declarada de interese cultural pola orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes do 30 de maio de 2025 (DOG do 9 de xuño) e inscrita no Rexistro de fundacións de interese galego por Resolución da Consellería de Cultura, Lingua e xuventude do 10 de xuño de 2025 (DOG do 16 de xuño).

Unha vez adquirida personalidade xurídica formúlase a necesidade de que a Fundación dispoña dun fondo para gastos de administración e relacionados co seu funcionamento, de xeito que a dotación inicial non se vexa minorada.

O apartado 4º do artigo 3 establece que: “ O Parlamento, mais alá da aportación que efectúe á dotación inicial da Fundación, que en todo caso será maioritaria, incorporará anualmente aos orzamentos xerais da Xunta de Galicia, dentro da súa sección, recursos suficientes para dar cumprimento aos fins do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres.(...)”

Considerando que non houbo ocasión aínda de elaborar o plan de actuación e orzamento da Fundación para o presente exercicio, mais que se presentan gastos menores a atender, e atribuída pola Lei 5/2023, a dependencia ou tutela desta ao Parlamento, estímase que se pode aportar uns 7.000€ á Fundación.

Existe crédito axeitado e suficiente na bolsa de vinculación do estado de gastos 01.01.111B.481.(xúntase RC)

Polo exposto, esta Presidencia, en exercicio das competencias atribuídas polo artigo 22.3º do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia no tocante a adxudicación de contratos menores, e en coordinación co artigo 15 do Regulamento de réxime orzamentario e contable, e ao abeiro do estipulado na disposición transitoria terceira da Lei 5/2023, **RESOLVO:**

- 1 Autorizar, dispor, aprobar e transferir á Fundación Panteón Galegas e Galegos Ilustres 7.000€ como fondo para o seu funcionamento.
- 2 Dar conta desta aportación ao Patronato para o seu coñecemento.

A Presidencia

MIGUEL ÁNGEL
SANTALICES
VIEIRA -
34914062Q

Firmado digitalmente por MIGUEL ÁNGEL
SANTALICES VIEIRA - 34914062Q
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=MIGUEL ÁNGEL SANTALICES VIEIRA -
34914062Q, o=DIPUTACIÓN DE GALICIA,
ou=PARLAMENTO DE GALICIA, c=ES
SerialNumber=2.5.4.97-VATES-
31338018-cc=certificado
ELECTRONICO DE EMPLEADO PUBLICO,
ou=PARLAMENTO DE GALICIA,
c=ES
Fecha: 2025.07.16 13:49:50 +02'00'

Miguel A. Santalices Vieira

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de xullo de 2025, no punto 2º da orde do día, tomou coñecemento da proposta formulada pola Presidencia do Parlamento, consistente en autorizar, dispor, aprobar e transferir á Fundación Panteón Galegas e Galegos Ilustres 7.000€ como fondo para o seu funcionamento.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2025

Xosé Antón
Sarmiento Mendez,
Letrado Oficial
Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón
Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez,
Letrado Oficial Maior,
email=xsarmiento@parlamentodegalicia.
gal
Fecha: 2025.07.21 10:58:31 +02'00'

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 21/07/2025 11:00:05
Nº Rexistro: 8137
Data envío: 21/07/2025 11:00:05.122

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 21/07/2025 10:58:31

CSV: REXPG-INKeTt16A-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/07/2025 11:00:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 21/07/2025 11:00:05
Nº Rexistro: 8137
Data envío: 21/07/2025 11:00:05.122

CSV: REXPG-INKeTt16A-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Número 116
14 de novembro de 2024



SUMARIO

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.5. Axudas, bolsas e premios

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 4 de novembro de 2024, polo que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión de bolsas para a formación no Parlamento de Galicia

[49000](#)



3. Administración do Parlamento de Galicia

3.5. Axudas, bolsas e premios

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 4 de novembro de 2024, polo que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión de bolsas para a formación no Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 4 de novembro de 2024, resolveu aprobar as bases e a convocatoria para a concesión de 6 bolsas formativas co obxecto de realizar unha formación nas materias de comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e contratación, xestión parlamentaria e unha bolsa destinada a persoas con discapacidade intelectual para a formación nas áreas de asistencia xeral e administrativa.

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira. *Obxecto*

O obxecto da convocatoria é a concesión das seguintes sete bolsas:

1. Seis bolsas individuais para contribuír á formación en prácticas de persoas con titulación universitaria. As modalidades de bolsa que se convocan son as seguintes:

- a) 2 bolsas en comunicación institucional.
- b) 2 bolsas en publicacións.
- c) 1 bolsa en recursos humanos e contratación.
- d) 1 bolsa en xestión parlamentaria.

2. Unha bolsa adicional destinada a persoas con discapacidade intelectual igual ou superior ao 33 por cento, con titulación universitaria ou formación profesional, para contribuír á súa formación nas áreas de asistencia xeral e administrativas.

Segunda. *Condicións xerais*

- 1. As bolsas serán indivisibles e improrrogables.
- 2. A concesión e o gozo da bolsa non suporá vinculación laboral ou funcionarial entre a persoa bolseira e o Parlamento de Galicia ou a súa Administración.
- 3. A estas bolsas non lles será aplicable o Estatuto do persoal investigador en formación.

Terceira. *Duración e contía*

- 1. As bolsas terán unha duración máxima de doce meses desde o seu inicio.



A data do seu inicio comunicaráselles ás persoas beneficiarias simultaneamente á súa concesión.

2. A bolsa será pagadoira mensualmente en razón de 1.300 euros ata un máximo de 12 meses, coa retención que legalmente proceder.

No caso de se producir o inicio ou o fin da actividade formativa nun día distinto ao primeiro ou ao último do mes, respectivamente, a persoa bolseira percibirá a asignación proporcional ao número de días do mes en que desenvolva a formación.

3. Mensualmente, a persoa responsable da unidade correspondente da Administración do Parlamento de Galicia emitirá unha certificación acreditativa do cumprimento por parte da persoa bolseira das obrigas a que se refiren os puntos 2.a), 2.b), 2.c) e 2.d) da base décimo quinta.

4. Así mesmo, as persoas beneficiarias da bolsa contarán coa cobertura outorgada pola Seguridade Social segundo a normativa vixente en cada momento e dentro dos requisitos e as condicións propios deste tipo de bolsas.

Cuarta. Requisitos das persoas solicitantes das bolsas de formación de comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e xestión parlamentaria

Poden solicitar a concesión das bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser española ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de persoas.

b) Posuír as seguintes titulacións universitarias:

1) Para as bolsas de comunicación institucional: Grao en Xornalismo, Publicidade e Relacións Públicas ou Comunicación Audiovisual; ou equivalentes.

2) Para as bolsas de publicacións: Grao en Tradución e Interpretación, no que a lingua de orixe principal da súa combinación lingüística (1ª lingua ou lingua A1) sexa a lingua galega, Grao en Lingua e Literatura galegas, Grao en Estudos de Galego e Español, con itinerario en lingua galega e española; ou equivalentes.

3) Para a bolsa de recursos humanos e contratación: Grao en Dereito, Grao en Ciencias Políticas e da Administración, Grao en Dirección e Xestión Pública; ou equivalentes.

4) Para a bolsa de xestión parlamentaria: Grao en Dereito, Grao en Ciencias Políticas e da Administración, Grao en Dirección e Xestión Pública; ou equivalentes.

c) As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2017-2018 ou en anos posteriores, o cal deberá acreditarse ao termo do prazo de presentación das solicitudes.



d) Acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

e) Non resultar beneficiaria dunha bolsa en convocatorias anteriores no Parlamento de Galicia, ou non ter realizado máis dun terzo do período íntegro da bolsa por substitución dunha renuncia.

Quinta. *Requisitos das persoas solicitantes con discapacidade intelectual*

Poden solicitar a concesión das bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser española ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de persoas.

b) Ter recoñecida oficialmente unha discapacidade intelectual cunha afección nun grao igual ou superior ao 33 por cento.

c) Acreditar posuír unha das seguintes titulacións académicas: titulación universitaria ou titulación de formación profesional. As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2017-2018 ou en anos posteriores, o cal deberá acreditarse ao termo do prazo de presentación das solicitudes.

d) Non resultar beneficiaria dunha bolsa en convocatorias anteriores no Parlamento de Galicia ou non ter realizado máis dun terzo do período íntegro da bolsa por substitución dunha renuncia.

Sexta. *Formalización das solicitudes*

1. As solicitudes axustaranse ao modelo de instancia que se achega como anexo I, que estará á disposición das persoas interesadas no enderezo de Internet: www.parlamentodegalicia.gal

As solicitudes poderanse presentar:

- Preferentemente, na sede electrónica do Parlamento de Galicia no seguinte enderezo de Internet: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/procedemento/bolsas/tramitar>
- De modo presencial ante o Rexistro do Parlamento de Galicia (rúa do Hórreo, nº63, 15701, Santiago de Compostela —A Coruña—), en horario de rexistro, que se publicará na web do Parlamento de Galicia.
- Por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso deberá enviarse, dentro do prazo de presentación, unha comunicación vía correo electrónico (servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.es) na que se detalle o medio utilizado de presentación, segundo o modelo que consta no anexo VI.



2. A documentación acreditativa dos méritos que se presente en papel deberá ser orixinal ou estar compulsada.

No caso de presentación por sede electrónica, a compulsa dos orixinais en papel debe ser electrónica, de acordo co artigo 29 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeneral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia. Os documentos orixinais asinados electronicamente serán válidos sempre que se mantiveren en soporte electrónico. Os documentos electrónicos con código de verificación CSV serán válidos en calquera soporte, pois a través do número de referencia poderá cotexarse co orixinal.

3. O prazo para presentar as solicitudes será de vinte días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

As persoas interesadas poderán consultar as bases da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Sétima. Documentación que se deberá achegar coas solicitudes para as bolsas de formación en comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e xestión parlamentaria

No momento da presentación da solicitude a persoa interesada deberá presentar a documentación que se relaciona a continuación:

a) Copia, en vigor, do documento nacional de identidade ou do documento de identificación de estranxeiría.

b) Certificado do Celga 4 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

c) Certificación académica na que expresamente conste a data de iniciación e terminación dos estudos, as cualificacións obtidas e a nota media do expediente académico, na escala numérica de 0 a 10, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

As persoas solicitantes que cursasen os seus estudos en universidades non pertencentes ao Sistema universitario de Galicia e posúan a referida certificación e documentación académica nun idioma distinto do galego ou do castelán deberán achegar a correspondente tradución xurada.

d) Formación adicional que a persoa solicitante somete á valoración. Só se contabilizarán aqueles méritos dos que se achegue unha proba documental e da que se acredite a súa veracidade.



e) No referido ao coñecemento doutras linguas cooficiais e idiomas estranxeiros, acreditarase mediante o correspondente certificado oficial expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou por institucións ou centros recoñecidos oficialmente, segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa (MCERL).

f) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta documentación deberase presentar ordenada, debidamente paxinada e acompañada dun índice, conforme a relación de méritos que figura no anexo II. Non se valorarán aqueles méritos que non estiveren debidamente acreditados.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos e certificados que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia presentada.

Oitava. Documentación a achegar coas solicitudes para as persoas con discapacidade intelectual

No momento da presentación da solicitude a persoa interesada deberá presentar a documentación que se relaciona a continuación:

a) Copia, en vigor, do documento nacional de identidade ou do documento de identificación de estranxeiría.

b) Titulación académica exixida (titulación universitaria, titulación de formación profesional de grao básico, medio ou superior).

c) Certificado oficial de recoñecemento, grao e tipoloxía da discapacidade que acredite que ten recoñecida oficialmente unha discapacidade intelectual en grao igual ou superior ao 33 por cento.

d) Informe actualizado de vida laboral.

e) Relación dos méritos de formación que a persoa solicitante somete á valoración consonte estas bases, para o cal será imprescindible axustarse ao modelo que figura no anexo III.

f) Certificado de demandante de emprego.

g) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta documentación deberase presentar ordenada, debidamente paxinada e acompañada dun índice, conforme a relación de méritos que figura no anexo III. Non se valorarán aqueles méritos que non estiveren debidamente acreditados.



As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos e certificados que presentaren. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia presentada.

Novena. *Instrución*

1. O Servizo de Persoal e Réxime Interior será a unidade competente para a instrución dos procedementos de concesión das bolsas.

2. Despois de transcorrer o prazo de presentación de solicitudes, a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia emitirá unha resolución da relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, en atención ao cumprimento dos requisitos exixidos na páxina web www.parlamentodegalicia.gal e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3. As persoas aspirantes excluídas provisionalmente disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poderen alegar ou emendar, de ser o caso, o defecto que motiva a exclusión.

A persoa que, no prazo sinalado, non reparar a causa de exclusión ou alegar a omisión será definitivamente excluída da participación no procedemento.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, ao longo do procedemento poderase requirir a persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resultaren necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

5. Após transcorrer o prazo e seren estudadas as correccións e os documentos achegados, a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia emitirá unha resolución coa listaxe definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas. Esta resolución publicarase na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal) e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. A estimación ou a desestimación das peticións de correccións entenderase implícita na publicación da resolución.

6. Aqueles expedientes administrativos que reuniren todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido a continuación.

7. A identificación das persoas aspirantes realizarase mediante a publicación de catro cifras do documento oficial de identidade (conforme as orientacións publicadas pola Axencia Española de Protección de Datos —AEPD—) e do nome e os apelidos.

Décima. *Comisión de valoración*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios fixados nestas bases, así como de propor a concesión ou a denegación das bolsas ás persoas interesadas.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:



Presidente: o letrado oficial maior ou a letrada ou letrado que for designado.

Vogais: as persoas responsables dos servizos competentes en cada modalidade de bolsa ou a persoa funcionaria do grupo A deses servizos que for designada.

Actuará de secretario: o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior ou a persoa funcionaria do grupo A da súa unidade que for designada.

3. A comisión de valoración constituirase na sede do Parlamento de Galicia. Das súas deliberacións e acordos levantarase unha acta coa sinatura da secretaria ou secretario e co visto e prace da presidenta ou presidente da comisión.

Todos os membros da comisión de valoración terán dereito a voto e os seus acordos adoptaranse por maioría.

Décimo primeira. *Criterios de valoración das bolsas de formación en prácticas de, comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e xestión parlamentaria*

1. Para a concesión das bolsas realizarase unha comparación entre as solicitudes presentadas e establecerase unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración que se determinan no seguinte punto.

A documentación achegada nun idioma distinto do galego ou do castelán deberá vir acompañada da correspondente tradución xurada.

2. A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados consonte os seguintes criterios:

a) Expediente académico (ata un máximo de 10 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 6 puntos).

- Outra titulación universitaria de grao ou asimiladas: 3 puntos por titulación.

- Titulación de máster universitario: 1 punto por titulación.

- Doutoramento: 2 puntos.

- Titulación universitaria de experto: 0,25 puntos por titulación.

- Titulación universitaria de especialista: 0,50 puntos por titulación.

c) Idiomas (ata un máximo de 4 puntos):

-Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5: 2 puntos.

Esta sección non será aplicable para a valoración das bolsas de formación de publicacións.

-Idiomas cooficiais e idiomas estranxeiros: nivel C do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas:



C1: 1 punto por cada idioma.

C2: 2 puntos por cada idioma.

Décimo segunda. *Criterios de valoración da bolsa para a persoa con discapacidade intelectual de formación en prácticas*

Para a concesión das bolsas realizarase unha comparación entre as solicitudes presentadas e establecerase unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración que se determinan a continuación.

A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados consonte os seguintes criterios, ata un máximo de 18 puntos:

a) Titulación (ata 7 puntos):

- Formación profesional básica: 2 puntos.
- Formación profesional de grao medio ou Certificado de profesionalidade: 3 puntos.
- Formación profesional de grao superior: 4 puntos.
- Título universitario: 5 puntos.
- Se os títulos de formación profesional ou universitaria son da rama administrativa, sociolóxica ou xurídica: 2 puntos máis.

Se a comisión de selección require que se acredite a titulación que se alega deberase presentar o título ou o certificado de superalo do centro ou organismo educativo.

b) Cursos e prácticas laborais (ata 10 puntos):

-Cursos de formación ou perfeccionamento convocados, organizados, impartidos ou homologados por institutos, escolas oficiais, entidades de interese público e de defensa das persoas con discapacidade e/ou axentes sociais, excluída a formación regrada.

De 12 a 20 horas: 0,25 puntos.

De 21 a 40 horas: 0,50 puntos.

De 41 a 60 horas: 0,75 puntos.

De 61 a 90 horas: 1 punto.

De 91 a 120 horas: 1,25 puntos.

De 121 a 300 horas: 2 puntos.

De 301 a 600 horas: 5 puntos.

Máis de 600 horas: 7 puntos.

Cando a duración estiver expresada en anos ou cando se indicar «curso escolar», estimarase unha duración de 600 horas, sen menoscabo da verificación que se faga con base na documentación que se requirir.



No suposto de que a duración estiver expresada en meses, estes serán computados da seguinte maneira: por cada mes computaranse 60 horas.

No caso de non constar a duración do curso, valorarase con 0,10 puntos.

Non se valorarán os cursos que sexan necesarios para a consecución doutros de nivel superior que se alegaren como méritos.

Para valorar adecuadamente os cursos desta sección, na solicitude (anexo III) deberán constar as horas do curso ou, na súa falta, os meses ou anos de duración ou que este foi durante un curso escolar.

- As prácticas laborais desenvolvidas en organismos públicos ou avaladas ou homologadas por estes valoraranse como cursos oficiais, en función da súa duración. En todo caso, as prácticas integradas na formación regrada ou en cursos alegados non serán obxecto de valoración adicional.

c) Estar rexistrada como demandante de emprego, polo menos cun ano de antigüidade ininterrompidamente, contado desde a data de publicación da convocatoria: 1 punto.

Décimo terceira. *Procedemento e proposta da comisión de valoración*

1. Unha vez rematado o proceso de valoración dos méritos das persoas solicitantes, a comisión de valoración confeccionará unha lista para cada modalidade de bolsa coa puntuación das persoas candidatas ordenada de maior a menor e elaborará unha proposta, que lle elevará á Mesa do Parlamento, para que as persoas que obtiveren a maior puntuación nas respectivas modalidades sexan as beneficiarias das bolsas. As listas utilizaranse de reserva para o caso de non aceptación ou de renuncia dalgunha das persoas beneficiarias da bolsa, de conformidade co disposto nos puntos 2 e 5 da base décimo cuarta.

2. Para as bolsas de formación previstas no punto 1.1 destas bases (6 bolsas), no suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes acudirase aos seguintes criterios ata se resolver:

- 1) A maior puntuación obtida polo expediente académico
- 2) A maior puntuación obtida pola formación académica adicional
- 3) De se manter o empate, dirimirase por sorteo público, previamente anunciado na páxina web, entre as persoas implicadas.

3. Para a bolsa de formación prevista no punto 1.2 destas bases (1 bolsa), no suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes acudirase aos seguintes criterios ata se resolver:

- 1) Ter maior puntuación na sección de titulación académica.
- 2) Ter maior puntuación na sección de cursos e prácticas laborais.



3) Ter maior antigüidade como demandante de emprego.

4) Sorteio, previamente anunciado na páxina web, entre as persoas aspirantes empatadas.

4. Á vista da proposta da comisión de valoración, a Mesa do Parlamento de Galicia acordará resolver a concesión das bolsas, na que constará a relación cos datos de identificación das persoas beneficiarias e das suplentes coas puntuacións acadadas, se as houber, ou a declaración de deserta dalgunha bolsa ou da súa totalidade, e ordenará a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, co que se dará así por cumprido o trámite de notificación, sen prexuízo das comunicacións individuais que se lles efectúen ás persoas beneficiarias polos medios telemáticos correspondentes.

5. Contra este acordo, as persoas interesadas poderán interpor un recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

6. As persoas solicitantes non beneficiarias disporán dun prazo de seis meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para recuperaren a documentación presentada. Após rematar o devandito prazo, a documentación non retirada será destruída.

Décimo cuarta. *Aceptación ou renuncia*

1. Unha vez publicado e comunicado o acordo da concesión das bolsas, as persoas beneficiarias deberán aceptar ou renunciar no prazo máximo de 5 días hábiles, desde o día seguinte á súa publicación. Logo de transcorrer o devandito prazo, se a persoa beneficiaria non se declarar en ningún sentido, entenderase que renuncia á bolsa.

2. A persoa adxudicataria que aceptar a bolsa deberá achegar, xunto coa aceptación, a documentación acreditativa dos méritos alegados na solicitude.

A documentación que se presente deberá ser orixinal ou estar compulsada electronicamente de acordo co artigo 29 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia. Os documentos orixinais asinados electronicamente serán válidos sempre que se mantiveren en soporte electrónico. Os documentos electrónicos con código de verificación CSV serán válidos en calquera soporte.



3. No caso de as persoas adxudicatarias non aceptaren a bolsa, ou non poderen incorporarse por calquera outro motivo, poderán ser substituídas polas persoas que figuraren na lista de reserva en función da súa puntuación.

4. A data de incorporación ao Parlamento de Galicia establecerase na comunicación da concesión da bolsa. Se as persoas adxudicatarias non se incorporaren nesa data, perderán os dereitos inherentes á bolsa concedida, agás causa debidamente xustificada do atraso, así apreciada pola Oficialía Maior, que deberá ser alegada e xustificada por escrito no referido prazo. No suposto de incorporación tardía aínda que xustificada, reducirase proporcionalmente o importe da contía que se vai percibir.

5. De quedar deserta algunha das bolsas sinaladas no punto 1.1 destas bases, poderá dar lugar, segundo criterio da Administración parlamentaria, ao incremento do número do resto de bolsas que rexistrasen maior número de solicitudes, sen se poder superar o número total de seis bolsas. A súa cobertura, se é o caso, efectuarase seguindo a orde establecida nas correspondentes listas de reserva.

6. No caso de renuncia á bolsa durante o seu desenvolvemento, a persoa adxudicataria deberá presentar o correspondente escrito dirixido á Mesa do Parlamento segundo o modelo que figura no anexo V. A Administración Parlamentaria poderá, en función das circunstancias concorrentes, substituíla pola persoa que figure por orde de puntuación na lista de reserva para o período de gozo restante.

Décimo quinta. *Incompatibilidades, obrigas e cumprimento das persoas bolseiras*

1. Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como con soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou con calquera tipo de ingresos habituais pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado, agás con aquelas axudas destinadas a cubriren algunha das accións formativas que a persoa bolseira vaia realizar segundo os seus estudos (asistencia a reunións, congresos, seminarios ou cursos de especialización).

2. As persoas beneficiarias das bolsas, só polo feito de as solicitar, comprométense a aceptar estas bases e as demais normas que resultaren aplicables como consecuencia da súa concesión (anexo IV). Alén diso, terán as seguintes obrigas:

a) Cumpriren co programa de formación en prácticas establecido cuns niveis de rendemento satisfactorios, presentando os traballos, estudos ou informes que lle determine o Parlamento de Galicia. Así mesmo, deberán asistir ás actividades que o Parlamento considerar convenientes para a súa formación.

b) Cumpriren as normas de asistencia e realizaren a actividade formativa durante os doce meses de duración da bolsa, no horario e no departamento da Administración parlamentaria que se lles asignar e con suxeición ás indicacións das persoas



responsables delas. As prácticas terán unha duración semanal de trinta horas presenciais, no horario determinado pola persoa responsable da formación.

c) Manteren a necesaria reserva canto aos asuntos, feitos ou informacións que puideren coñecer durante o período de duración da bolsa. A confidencialidade da documentación ou da información á que tiveren acceso e que non for pública subsistirá unha vez finalizada a bolsa.

d) Non teren adquirido nin adquiriren durante o período de duración da bolsa ningún compromiso ou obriga que impida o seu cumprimento íntegro, agás no caso de renuncia expresa dela.

3. Os estudos e os traballos realizados polas persoas bolseiras serán de propiedade do Parlamento de Galicia e non poderán ser utilizados polas persoas autoras sen a correspondente autorización.

4. Se por parte da persoa beneficiaria dalgunha das bolsas existir interese en asistir a actividades formativas fóra do Parlamento, a persoa interesada deberá cursar unha petición ao seu responsable da unidade de modo xustificado, detallando a relación entre a actividade á que pretende concorrer e a bolsa da que goza.

As persoas responsables de unidade poderán autorizar a súa asistencia no caso de observaren que tal actividade pode complementar a súa formación, sempre que non incorra en ningunha das incompatibilidades previstas no punto 1 desta base sobre incompatibilidades, obrigas e cumprimentos das persoas bolseiras.

No caso de ser autorizado e asistir, a persoa interesada deberá posteriormente presentar un informe memoria da actividade formativa.

5. No mes de agosto, as persoas beneficiarias das bolsas poderán gozar dun período de descanso de dúas semanas continuadas ou partidas en dous períodos dunha semana. Do mesmo modo, poderán gozar de catro días de descanso desde a semana de Nadal ata o día de Reis.

A determinación concreta do inicio e a fin deste períodos correspóndelle á xefatura da unidade administrativa onde estiver formándose a persoa bolseira, atendendo ás necesidades organizativas do servizo.

6. As interrupcións da bolsa por supostos de baixa por incapacidade temporal (enfermidade ou accidente), risco durante o embarazo e descanso por maternidade ou paternidade non darán lugar en ningún caso á posibilidade de recuperar o período interrompido.

Décimo sexta. *Incumprimento das condicións*

1. A constatación da existencia de ocultación, de alteración ou manipulación de datos ou de calquera outro suposto de incumprimento das obrigas ou as condicións que motivaron a concesión da bolsa dará lugar á obriga de lle reintegrar ao Parlamento



de Galicia as cantidades percibidas, máis os xuros legais que procederen, todo isto sen prexuízo das responsabilidades en que puiden incorrer a persoa beneficiaria.

2. O Parlamento de Galicia reserva para si o dereito de suspender ou, de ser o caso, de revogar o gozo da bolsa no suposto de que a persoa bolseira non realizar o traballo para a súa formación en prácticas en condicións satisfactorias, cando se deixaren de reunir os requisitos que se esixiron para a súa concesión ou cando se incumpriren, sen causa que o xustifique, as condicións establecidas nestas bases.

3. Os incumprimentos debidos a ausencias sen xustificar darán lugar ás deducións correspondentes no importe mensual proporcionais aos días de ausencia. Cando as ausencias non xustificadas sumaren dez días hábiles, intermitentes ou continuados, a bolsa extinguirase.

Décimo sétima. *Recursos*

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo oitava. *Protección de datos*

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Parlamento de Galicia e incorporados á actividade de tratamento «Alumnado en prácticas e bolsas de formación», cuxa finalidade é a xestión das actividades relacionadas coas prácticas académicas de alumnado das universidades galegas e a xestión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, e está baseada no cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercicio de poderes públicos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a solicitude e resolver a convocatoria na que participa.

Os datos de carácter persoal das persoas bolseiras serán comunicados ás administracións públicas competentes en materia tributaria e de Seguridade Social e ás entidades bancarias.

Os datos identificativos das persoas adxudicatarias das bolsas publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web www.parlamentodegalicia.gal

Non están previstas transferencias internacionais de datos.



Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideren derivar de tal finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non seren obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Parlamento de Galicia, con enderezo postal rúa Hórreo nº 63 15701 Santiago de Compostela, ou no enderezo de correo electrónico pdcp@parlamentodegalicia.gal

Poderán obter información adicional na páxina web do Parlamento de Galicia: www.parlamentodegalicia.gal

Décimo novena. *Facultades da Presidencia*

Facúltase a Presidencia do Parlamento de Galicia para ditar as resolucións necesarias para o axeitado desenvolvemento desta convocatoria.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Anexo I

SOLICITUDE PARTICIPACIÓN EN BOLSAS DE FORMACIÓN

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
NOME DA VÍA			NÚM.	ANDA PORT
CÓDIGO	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO		

REPRESENTACIÓN DA PERSOA SOLICITANTE (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)				
NOME	PRIMEIRO	SEGUNDO	NIF	TIPO DE REPRESENTACIÓN

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN				
Medio de notificación preferente				
☐ Electrónica a través do enderezo de Internet https://sede.parlamentodegalicia.gal . Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada ☐ Postal (cubrirea enderezo que é distinto do indicado anteriormente)				
NOME DA VÍA			NÚM.	ANDA POR
CÓDIGO	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	

OBXECTO DA SOLICITUDE: (indicar a modalidade de bolsa que solicita —cfr. base 1ª— e, se é o caso, o tipo e grao de discapacidade)
--

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:
☐ DNI
☐ Certificación acreditativa do coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4
☐ Certificación académica
☐ Relación de méritos académicos
☐ Anexos que figuran nas bases
☐ Outros

OBSERVACIÓNS:

☐ A persoa solicitante ou representante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos
--



Os datos de carácter persoal serán tratados polo Parlamento de Galicia e incorporados á actividade de tratamento «**Alumnado en prácticas e bolsas de formación**», cuxa finalidade é a xestión das actividades relacionadas coas prácticas académicas de alumnado das universidades galegas e a xestión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, e está baseada no cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercicio de poderes públicos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a solicitude e resolver a convocatoria na que participa.

Os datos de carácter persoal das persoas bolseiras serán comunicados ás administracións públicas competentes en materia tributaria e de seguridade social e ás entidades bancarias. Os datos identificativos das persoas adxudicatarias das bolsas publicaranse no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, e na páxina web www.parlamentodegalicia.gal Non están previstas transferencias internacionais de datos.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideren derivar de tal finalidade e do tratamento dos datos.

Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando proceda, ante o Parlamento de Galicia, con enderezo postal rúa Hórreo nº 63 15701 Santiago de Compostela, ou no enderezo de correo electrónico pdcp@parlamentodegalicia.gal.

Pode obter información adicional na páxina web do

Parlamento de Galicia: www.parlamentodegalicia.gal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Bases convocatoria

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data



Anexo II

RELACIÓN DE MÉRITOS DA PERSOA SOLICITANTE

(comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e contratación, xestión parlamentaria)

Apelidos:
Nome:.....

1. Titulación universitaria requirida:

Graduada/o:
Universidade de:
Data de iniciación da titulación universitaria:.....
Data de obtención da titulación universitaria:

2. Expediente académico:

Nota media do expediente académico (calculada en función da escala numérica de 0 a 10)

3. Formación académica adicional:
3.1. Outros graos, licenciaturas e diplomaturas (distintas das exixidas para optar á bolsa) ou formación profesional (técnico superior) relacionada co obxecto da bolsa:

Título	Universidade	Nº de páxina do expediente documental

3.2 Formación adicional (grao de doutor, máster universitario, diploma de estudos avanzados, especialista universitario, experto universitario e outros):

Título	Centro que o	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente

4. Coñecementos de idiomas cooficiais e estranxeiros:

Idioma	Título, curso	Duración (horas)	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente

A persoa abaixo asinante declara que os datos reflectidos son correctos e certos e que están xustificadas documentalmente na documentación que se achega coa solicitude.

....., de de 2024
(Sinatura da persoa interesada)

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Parlamento de Galicia e incorporados á actividade de tratamento «Alumnado en prácticas e bolsas de formación», cuxa finalidade é a xestión das actividades relacionadas coas prácticas académicas de alumnado das universidades galegas e a xestión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, e está baseada no cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercicio de poderes públicos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a solicitude e resolver a convocatoria na que participa.

Os datos de carácter persoal das persoas bolseiras serán comunicados ás administracións públicas competentes en materia tributaria e de Seguridade Social e mais ás entidades bancarias.

Os datos identificativos das persoas adxudicatarias das bolsas publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web www.parlamentodegalicia.gal.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideren derivar de tal finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non seren obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Parlamento de Galicia, con enderezo postal rúa Hórreo nº 63 15701 Santiago de Compostela, ou enderezo de correo electrónico pdcp@parlamentodegalicia.gal

Poderán obter información adicional na páxina web do Parlamento de Galicia: www.parlamentodegalicia.gal



Anexo III

RELACIÓN DE MÉRITOS DA PERSOA SOLICITANTE

(bolsa destinada a persoas con discapacidade intelectual)

Apelidos:
Nome:.....

1. Formación académica (titulación de grao universitaria, ciclo formativo de grao superior, ciclo formativo de grao medio, ciclo formativo de grao básico, certificado de profesionalidade):
.....
.....
.....
.....
Data de obtención da titulación:

2. Outra formación:

Título	Centro que o expide		Nº de páxina do expediente documental	
Cursos e prácticas laborais	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente	

3. Demandante de emprego:

Tempo que consta como demandante de emprego
(data):.....

A persoa abaixo asinante declara que os datos reflectidos son correctos e certos e que están xustificadas documentalmente na documentación que se achega coa solicitude.

....., de de 2024

(Sinatura da persoa interesada)

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Parlamento de Galicia e incorporados á actividade de tratamento «Alumnado en prácticas e bolsas de formación», cuxa finalidade é a xestión das actividades relacionadas coas prácticas académicas de alumnado das universidades galegas e a xestión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, e está baseada no cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercicio de poderes públicos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a solicitude e resolver a convocatoria na que participa.

Os datos de carácter persoal das persoas bolseiras serán comunicados ás administracións públicas competentes en materia tributaria e de Seguridade Social e mais ás entidades bancarias.

Os datos identificativos das persoas adxudicatarias das bolsas publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web www.parlamentodegalicia.gal.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideren derivar de tal finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non seren obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Parlamento de Galicia, con enderezo postal rúa Hórreo nº 63 15701 Santiago de Compostela, ou enderezo de correo electrónico pdcp@parlamentodegalicia.gal

Poderán obter información adicional na páxina web do Parlamento de Galicia: www.parlamentodegalicia.gal



Anexo IV**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D^a _____ DNI/NIF _____
Enderezo _____ CP _____ Localidade _____
Provincia _____

En cumprimento do establecido na base décimo quinta da convocatoria para a
concesión de bolsas formativas no Parlamento de Galicia, como persoa beneficiaria
dunha bolsa na
modalidade de.....
.....

DECLARA RESPONSABLEMENTE

que, no caso de incumprimento das obrigas ou das condicións que motivaron a
concesión da bolsa, se compromete a lle reintegrar ao Parlamento de Galicia as
cantidades percibidas.

....., de do 2024

(Sinatura da persoa beneficiaria)



Anexo V**MODELO DE RENUNCIA Á PERCEPCIÓN DA BOLSA**

D./D^a _____ DNI/NIF _____
Enderezo _____ CP _____ Localidade _____
Provincia _____

En cumprimento do establecido no punto 6 da base décimo cuarta da convocatoria para a concesión de bolsas de formación no Parlamento de Galicia, manifesta a súa vontade de renunciar á percepción da bolsa que lle foi outorgada na modalidade de _____, sendo o último día _____ e motivada nas seguintes razóns:

Comunícase esta renuncia para os efectos oportunos

_____, de de 2024

(Sinatura da persoa interesada)



Anexo VI**MODELO DE COMUNICACIÓN DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

D./D^a,
con DNI/NIF núm.endereço,
C.P., localidade,
provincia, teléfono fixo, teléfono
móbil....., correo
electrónico

Manifesta que presentou unha solicitude para a obtención dunha bolsa para
formación práctica de, no Parlamento
de Galicia, con data no
.....


(Cómpre especificar o medio utilizado, dos establecidos no artigo 16.4 da Lei
39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das
administracións públicas.)

..... de de 2024

(Sinatura da persoa interesada)

Enviar vía correo electrónico: servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de marzo de 2025, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Axudas e bolsas

3.3.1. Concesión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 4 de novembro de 2024 (BOPG 116 do 14 de novembro e DOG 221 de 15 de novembro) aprobáronse as bases da convocatoria para a concesión de diversas bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia.

De acordo coa a base décima da convocatoria, o 10 de marzo de 2025 constituíse a comisión de valoración, co obxecto de estudar os expedientes académicos e méritos acreditados polos aspirantes e avalialos de acordo co reparto de puntuación en cada un dos apartados previstos nas cláusulas décimo primeira e décimo segunda das bases da convocatoria. A comisión de valoración, á vista dos resultados da puntuación acadada polos aspirantes, elaborou unha lista coa puntuación dos candidatos ordenada de maior a menor, segundo a súa puntuación, e acordou, en cumprimento da base décimo terceira, apartado 4, da convocatoria, propoñerlle á Mesa do Parlamento:

1º.- Concederlle as bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia ás persoas que acadaron a maior puntuación en cada unha das bolsas convocadas, que son as seguintes:

Bolsa de formación en Comunicación Institucional

1	***8853**	VENTOSO CHAVES	CARLOS	12,6581
2	***4918**	TORO PAZOS	MIRYAM	11,8984

Bolsa de formación en Publicacións

1	***8206**	OTERO OUBIÑA	NATALIA	14,0000
2	***3485**	FERNANDEZ JUSTO	MARTA	12,0900

Bolsa de formación en Recursos Humanos e Contratación.

1	***7521**	ACEIRO CASAL	JUAN	12,4400
---	-----------	--------------	------	---------

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos



Bolsa de formación en Xestión Parlamentaria:

1	***7521**	ACEIRO CASAL	JUAN	12,4300
---	-----------	--------------	------	---------

Bolsa de formación para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% nas áreas de asistencia xeral e administrativas

1	***7239**	CONDE FIGUEROA	REBECA	18,0000
---	-----------	----------------	--------	---------

2º.- Que a data de incorporación das persoas beneficiarias das respectivas bolsas ao Parlamento de Galicia sexa o 1 de abril de 2025.

3º.- Que no caso de non aceptación ou renuncia dalgunha das persoas beneficiarias da bolsa, utilizarase a seguinte lista de reserva para substituíla:

Bolsa de formación en Comunicación Institucional

1	***4468**	MUÑOZ VILARIÑO	ANA	10,8117
2	***7668**	JORGE VIDAL	ANXELA	10,7788
3	***8788**	SÁNCHEZ RODRÍGUEZ	DAVID	10,7668
4	***4468**	KANEVSKA SUROVEN	OLESYA	10,4771
5	***6992**	PEREZ AMOR	MARÍA	10,0000
6	***3275**	MARTINEZ DE LA FUENTE	AITANA	7,9799

Bolsas para o Servizo de Publicacións

1	***0981**	ROCA AGRA	INÉS	9,5600
2	***5517**	VILLASVERDE MUNIN	XIANA	9,4100
3	***1748**	GARCIA GONZALEZ	NOELIA	8,9200
4	***8113**	MOLDES CARBALLAL	ELENA	8,8300
5	***6859**	VILLAR MARTÍNEZ	NATALIA	8,5900
6	***5019**	MARTINEZ RODRIGUEZ	RUBÉN	8,5500
7	***7977**	FERNANDEZ SOUTO	RAQUEL	7,8000
8	***9402**	REBOLO MAGARIÑOS	DAVID	7,5100
9	***8465**	BARREIRO FUENTES	AINHOA	6,6600

Bolsa de formación en recursos humanos e contratación

1	***2537**	FELPETO RODRIGUEZ	BEATRIZ	11,3200
2	***9939**	GARRIDO CID	MALCO	10,5000
3	***9376**	FERNÁNDEZ FERRAS	UXIO	10,1100
4	***9420**	SUAREZ POSE	SERGIO	10,0000
5	***1176**	DURAN BAEZA	LORENA	9,9400

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos



6	***6392**	FERNÁNDEZ GALLEGO	CARMELA	9,6900
7	***7991**	GARCIA ENRIQUEZ	HUGO	9,5100
8	***6283**	ALMEDA OMIL	ADRIAN	9,1600
9	***4805**	IGLESIAS DIAZ	ANDREA	9,0400
10	***2308**	BLANCO GARCIA	EVA MARÍA	8,5700
11	***1585**	RIOBÓ SÓÑORA	BRAIS	8,3500
12	***5171**	BARRAL GONZÁLEZ	ANTONIO	8,2000
13	***5415**	ROSENDO SEGADE	ANTIA	7,9200
14	***6563**	PEREZ CASTRO	NATALIA	7,7600
15	***2990**	PEREIRA OULAD- HAMMOUCH	JOSE	7,2100
16	***9089**	MIRANDA RECAMAN	ALEJANDRO MANUEL	7,1000

Bolsa de formación en Xestión Parlamentaria

1	***0383**	CADAHIA VEIRA	PABLO	12,1400
2	***5464**	GONZALEZ FERNANDEZ	ALBERTO	11,6500
3	***2537**	FELPETO RODRIGUEZ	BEATRIZ	11,3200
4	***5994**	FERNANDEZ FOLEY	MARTÍN	10,6900
5	***9939**	GARRIDO CID	MALCO	10,500
6	***9376**	FERNÁNDEZ FERRAS	UXIO	10,1100
7	***9420**	SUAREZ POSE	SERGIO	10,0000
8	***1176**	DURAN BAEZA	LORENA	9,9400
9	***1113**	ANTELO ALVITE	XURXO	9,6700
10	***7991**	GARCIA ENRIQUEZ	HUGO	9,5100
11	***6283**	ALMEDA OMIL	ADRIAN	9,1600
12	***4805**	IGLESIAS DIAZ	ANDREA	9,0400
13	***3779**	SERANTES GARCIA	ANGELICA	8,8900
14	***2308**	BLANCO GARCIA	EVA MARÍA	8,5700
15	***1585**	RIOBÓ SÓÑORA	BRAIS	8,3400
16	***5221**	CARLÍN ROMERO	MANUEL	8,2900
17	***5171**	BARRAL GONZÁLEZ	ANTONIO	8,2000
18	***6563**	PEREZ CASTRO	NATALIA	7,7600
19	***9089**	MIRANDA RECAMAN	ALEJANDRO MANUEL	7,1000

Bolsa de formación para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% nas áreas de asistencia xeral e administrativas

1	***2882**	QUINTELA QUINTELA	PABLO	15,2500
2	***8309**	PARDO PENSADO	FERNANDO	14,0000
3	***7413**	REIGIA POSE	ANDREA	14,0000
4	***0853**	DURO CASTRO	SHARAY	13,0000

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos



5	***8243**	PEREZ INSUA	ALBERTO	9,0000
6	***5469**	VALENCIA AGRA	SANTIAGO	7,7500
7	***8602**	GONZÁLEZ COLLAZO	ANDREA	7,6000
8	***5237**	HERVÉS GONZÁLEZ	CAROLINA	6,3500
9	***9298**	OTERO ALVAREZ	IRIA	5,5000

4º Publicar na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal) e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* o acordo de concesión destas bolsas e a súa lista de suplentes.

5º Comunicarlles este acordo aos beneficiarios, á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

6º Contra este acordo, as persoas interesadas poderán interpor un recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2025

Xosé Antón
Sarmiento Mendez,
Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón
Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé
Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior,
email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2025.03.19 16:31:04 +01'00'

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/03/2025 16:32:03
Nº Rexistro: 6093
Data envío: 19/03/2025 16:32:03.730

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 19/03/2025 16:31:04

CSV: REXPG-y9wqH8ncE-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 16:32:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/03/2025 16:32:03
Nº Rexistro: 6093
Data envío: 19/03/2025 16:32:03.730

CSV: REXPG-y9wqH8ncE-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

